

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 27 de xullo de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

M<sup>a</sup> José Caride Estévez

**Invitados:**

D<sup>a</sup>. Eugenia Dolores Blanco Iglesias  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>.Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e corenta e seis minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(856).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión da sesión extraordinaria e urxente do 1 de xullo, ordinaria do 3 de xullo, extraordinaria e urxente do 8, ordinaria e extraordinaria e urxente do 10 de xullo de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(857).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CON ESPECIAL INCIDENCIA NO 9º FESTIVAL DE HABANERAS E POLIFONÍA CIDADE DE VIGO “AO SON DE VIGO” E O PROGRAMA ESPECIAL DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS, ANO 2015. EXPTE. 12858/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.06.15, e o informe de fiscalización do 14.07.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 8.07.15, conformado polo concelleiro-delegado de Facenda e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data 4 de xuño remitiu a Asesoría Xurídica unha dilixencia cunha serie de observacións ao expediente:*

- 1. o erro no número de expediente no pacto 1 do texto do convenio*
- 2. o erro na redacción do pacto 3*
- 3. incorporación ao expediente dos certificados actualizados de estar ao corrente coa seguridade social, facenda, hacienda e concello*
- 4. correxir as diferencias existentes entre o obxecto da subvención da documentación aportada e a referida no informe-proposta e texto do convenio*
- 5. só se presenta orzamento de gastos*

*En relación a estas observacións cabe aclarar o seguinte: só se presenta orzamento de gastos pois é unha actividade que non xenera ingresos, xa que vai dirixida a toda a cidadanía, sen contraprestación de ningún tipo. Os gastos que se poidan orixinar a maiores e que non están especificados no orzamento, correrán a cargo da organización do festival, e nunca suporá un incremento na contía da subvención.*

*Unha vez subsanados, o funcionario que asina, ten a ben informar o seguinte,*

**INFORME-PROPOSTA:**

*En relación coa solicitude de subvención formulada pola Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI), co gallo das actividades socioculturais a realizar por ista o longo do ano 2015 entre o que destacan os concertos e o IX Festival de Habaneras Cidade de Vigo “Ao son de Vigo” e o programa especial para o Día das Letras Galegas, o funcionario que suscribe ten a ben informar o seguinte:*

*A Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) é unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na LO 1/2002 de 22 de marzo, que adica a súa actividade á promoción do canto coral e actividades culturais por todo o término municipal, cunha especial significación na organización do festival de Habaneras que agrupa a todas estas formacións.*

*Doutra parte, a entidade manifiesta a importancia desta axuda dada a época actual de crise económica que afecta a todos os sectores da sociedade.*

*Deste xeito, e habida conta as circunstancias expostas, referentes a situación de crise , ó interés público cultural, o presente Convenio se artella de xeito de manter unha relación directa con este concello , por tratarse dunha institución de interese municipal, resultando polo tanto idóneo para o desenvolvemento das tarefas acordadas polo Concello e a ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI) a figura do Convenio, por non tratarse dun contrato , pola propia personalidade da entidade colaboradora e o propio Concello , existindo a oportuna prestación de interese público municipal, posibilidade que se contempla no decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril (Art.111).*

*Remítese a documentación que se sinala na folla adxunta , e orzamento de gastos, así como a programación para o presente ano 2015.*

*Dadas as especificacións deste acordo, considérase oportuno a tramitación como convenio de colaboración ao abeiro do establecido nos artigos 25 LCSP 88.1 LRXPA e 111 do TRRL que establece que as entidades locais poderán concertar pactos ou condicións que teñan por conveniente sempre que non sexan contrarios ao interese público.*

*Deste xeito, e habida conta as circunstancias expostas, referentes a situación de crise e ó interés público social, procede a concesión da subvención de xeito directo. A tal fin o réxime xurídico de aplicación da presente subvención atenderá ao previsto nos artigos 22.2a) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.*

*Dado o carácter cultural e social, responde ademais ó previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 25.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe ao municipio como competencia propia a promoción da cultura, polo que encóntrase xustificada a competencia desta administración para o outorgamento desta subvención.*

*Deste xeito, propónse a aportación deste Concello (65.000 euros) de cargo da partida e contía seguinte:*

*912.0.480.00.08 (Asociación Corales Polifónica de Vigo)*

*A asociación remite a seguinte documentación:*

- *Memoria das actividades realizadas e a realizar.*
- *Orzamento de gastos.*
- *Certificación de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública e Seguridade Social e Facenda da Xunta.*
- *Escrito certificando non contar con outro tipo de axuda.*
- *Copia dos estatutos da asociación.*
- *Copia do DNI do presidente da asociación.*
- *CIF sociedade.*
- *Certificación bancaria.*
- *Declaración xurada responsable.*

*Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

1. *“Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI) , para impulsar as acti-*

*vidades da asociación con especial incidencia no IX Festival de Habaneras e Polifonía Cidade de Vigo "Ao Son de Vigo", e o Especial do Día das Letras Galegas, correspondente ao ano 2015.*

- 2. Autorizar e dispoñer o gasto segundo o expresado na cláusula 7ª a favor da ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI) por unha contía de 65.000 euros con cargo á partida 912.0.480.00.08 (Asociación Corales Polifónica de Vigo) : o pago á ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI) realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente as actividades realizadas , a presentar antes do día 20 de novembro de 2015."*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACION DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI) PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CON ESPECIAL INCIDENCIA NO 9º FESTIVAL DE HABANERAS E POLIFONÍA CIDADE DE VIGO "AO SON DE VIGO" E O PROGRAMA ESPECIAL DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS,QUE ORGANIZA ESTA ENTIDADE PARA O ANO 2015.*

*Na cidade de Vigo, o                    de            dous mil quince*

*Dunha parte D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, Alcalde do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei 2,*

*Doutra parte D. ENRIQUE LORENZO VILA Presidente da ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI) CIF núm. G-36980928, e enderezo social na rúa Ecuador 17 da cidade de Vigo.*

*Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgamento deste convenio, e ao efecto.*

### **MANIFESTAN**

*I. Que a ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI) entidade sin ánimo de lucro das previstas na LO 1/2002 de 22 de marzo, que adica a súa actividade á promoción do canto coral e actividades culturais por todo o término municipal, cunha especial significación na organización do festival de Habaneras que agrupa a todas estas formacións.*

*II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI), coma medio que é de promover a música na Cidade.*

*III.-Que, con esta finalidade o vixente orzamento xeral do Concello de Vigo inclue na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.08(ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI) como subvención nominativa a cantidade de 65.000€ .*

IV.- Que, ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvencións obxecto da Ley de Subvencións de Galicia, atópase ao corrente da súas obrigas tributarias e fronte a seguridade social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo a resulta da documentación que figura no expediente.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con aranzo aos seguintes

## PACTOS

Primeiro.- A ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI) comprométese a realizar e xustificar a realización do programa de actividades con especial incidencia no 9º Festival de Habaneras e Polifonía Cidade de Vigo "Ao Son de Vigo" e o especial do Día das Letras Galegas, que organiza esta entidade para o ano 2015, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 12858/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades e concertos previstos pola asociación no seu programa.

A ASOCIACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO (ACOPOVI) comprométese igualmente a colaborar co Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión da música coral e da cultura musical, e concretamente a:

1º. Poñer a disposición do Concello de Vigo a súa experiencia e infraestrutura en todas aquelas actividades que constitúen o obxecto propio da Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI)

2º. Desenvolver o 9º Festival de Habaneras e Polifonía Cidade de Vigo "Ao Son de Vigo" e o especial do Día das Letras Galegas coas corais da asociación que figuran na relación xunta no expediente e nas datas previstas.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI).

2º.- Conceder á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) unha subvención por importe de 65.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.08 "Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación musical no ano 2015.

A entrega da subvención á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) realizarase nun pago, por importe de sesenta e cinco mil euros (65.000 euros), contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación das actividades realizadas e achega dos xustificantes de pago correspondentes. A presentación da memoria xustificativa e xustificantes de pago deberá ter lugar antes do día 20 de novembro de 2015.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2015.

A Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, antes do día 20 de novembro de 2015, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais ( que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de .....euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante

*orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2015.*

*Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.*

*Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante e o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Per-*

soal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En proba de conformidade asinan por triplicado exemplar e a un só efecto o presente convenio na data arriba indicada.

### **3(858).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) PARA O FOMENTO DA SÚA ACTIVIDADE SOCIAL NO ANO 2015: OBRADOIRO DE CARTÓN PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA. EXPTE. 12859/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 16.07.15, conformado polo concelleiro-delegado de Facenda e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

Con data 8 de xuño remitiu a Asesoría Xurídica unha dilixencia cunha serie de observacións ao expediente:

1. o erro no número de expediente no pacto 1 do texto do convenio
2. a aclaración de que as actividades subvencionadas corresponden ao ano 2015
3. incorporación ao expediente do orzamento de gastos correcto

Estes puntos foron subsanados no informe deste servizo de data 10 de xuño.

Con data 24 de xuño a Intervención Xeral remite unha dilixencia cunha serie de observación ao expediente:

1. cambio na data límite para xustificar a subvención
2. a non existencia dun orzamento de ingresos da actividade



3. *a non existencia da declaración do representante da asociación de contar ou non contar con máis axudas para a mesma actividade*

*Con data 16 de xullo a Intervención Xeral remite o Rc correspondente coa única observación de facer constar na parte dispositiva non só a aprobación do gasto, senón tamén a súa disposición.*

*Unha vez subsanados, o funcionario que asina, ten a ben informar o seguinte,*

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

*1º.- Con data 19 de xaneiro de 2015 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito do presidente da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) solicitude de concesión dunha subvención, nas condicións que esta Administración municipal considere convintes, para o desenvolvemento da súa actividade.*

*2º.- Faise constar que a ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) pola situación de crise , ó interese público social e humanitario, e o*

*colectivo social ó que vai dirixida, o presente Convenio se artella de xeito de manter unha relación directa con este concello , por tratarse dunha institución de interese municipal, resultando polo tanto idóneo para o desenvolvemento das tarefas acordadas polo Concello e a ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) a figura do Convenio, por non tratarse dun contrato , pola propia personalidade da entidade colaboradora e o propio Concello , existindo a oportuna prestación de interese público municipal, posibilidade que se contempla no decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril (Art.111).*

*3º.- Ao dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:*

- *Memoria das actividades realizadas e a realizar.*
- *Orzamento de gasto e de ingresos.*
- *Certificacións de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.*
- *Declaración responsable de non contar con outro tipo de axuda.*
- *Copia dos estatutos da asociación.*
- *Copia do DNI do presidente da asociación.*
- *CIF sociedade.*
- *Certificación bancaria.*
- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.*

*4º.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, como subvención nominativa, a favor da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA), na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00, a cantidade de 7.290 euros.*

*5º.- Con estes antecedentes o servizo técnico da Alcaldía procedeu a redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.*

#### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

*Primera.- A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) para o desenvolvemento da súa actividade de interese público social e humanitario, e o colectivo social ó que vai dirixida, se enmarca dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: "1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrencia e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria"; que "2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local"; que "En todo caso a concesión destas subvencións ou axudas terá en conta os criterios, directrices e prioridades que establezan os planes sectoriais de coordinación" e, por último, que "3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á finalidade prevista".*

*Segunda.- Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de utilidade pública e interese social, como é a protección ás persoas con enfermidades mentais en risco de exclusión social.*

*Tercera.- O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, na vixente redacción, dada pola lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece no seu apartado 2 que: "O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: e) avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social.*

*Cuarta.- A actividade de prestación de servizos sociais, prevención, cooperación e social e fomento da actividade social e solidariedade é, pois, unha actividade que complementa as propias das administracións municipais, a que procede atribuír, pola súa propia natureza, o interese social que precisa a actividade subvencional; cualidades as ditas, que o Concello de Vigo recoñeceu na actividade da asociación beneficiaria, ao incluír no acordo aprobatorio do vixente orzamento xeral, como subvención nominativa, a favor desta asociación, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00, a cantidade de 7.290 euros.*

*Quinta.- De acordo co disposto nos artigos 22 e 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4.a) e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.*

*Sexta.- O expediente e o convenio cuxa aprobación se propón incorpora e xustifica as esixencias mínimas que para a concesión desta subvención establece o artigo 26.2 da Lei 9/2007 LSG; determinacións que se estiman conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido.*

Sétimo.- Darase ao presente acordo a publicidade exisida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Oitavo.- De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do concesión da subvención, nos termos propostos e, con carácter previo, a aprobación do gasto (artigo 31 LSG), previo informe da Intervención Xeral Municipal.

Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 7.290 euros, a favor da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA), con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00 "Asociación de Axuda ao Enfermo Mental", en concepto de subvención a actividade desta asociación no ano 2015. A entrega da subvención á ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación correspondente as actividades realizadas no ano 2015, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados deberá ter lugar antes do día 1 de decembro de 2015".
2. "Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA), que rexerá a subvención nominativa consignada nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo para coadxuvar á execución do programa social realizados e por realizar na cidade pola asociación solicitante no ano 2015; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE SOCIAL NO ANO 2015: OBRA-DOIRO DE CARTON PEDRA, COIRO E SERIGRAFÍA

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra parte D. LEOPOLDO ROBLA ALVAREZ Presidente da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) C I F num G 36044295 . e enderezo social na rúa Romil 84 da cidade de Vigo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) e unha entidade se ánimo de lucro, que conta entre as súas competencias a prestación de servizos sociais, conforme ó es-

tablecido na L. 7/85 de 2 de abril, como a protección, cooperación social e fomento de actividade social e solidariedade coas persoas con enfermidades mentais.

II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de avaliación e información de situacións de necesidade social, que lle recoñece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA).

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00, como subvención nominativa, a favor da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA), a cantidade de 7.290 euros.

IV.- Que a ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo mais arriba citado.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) comprométese a realizar e xustificar a realización do programa de actividades para o ano 2015, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 12859/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades previstos pola asociación no seu programa, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos sociais na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) (revista, web, etc).

3º.- Conceder á ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) unha subvención por importe de 7.290 € con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.00 "Asociación de Axuda ao Enfermo Mental" mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación social no ano 2015.

A entrega da subvención á ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación correspondente as actividades realizadas no ano 2015, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, antes do día 1 de decembro de 2015.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada,

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2015.

A ASOCIACION DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL (DOA) achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, antes do día 1 de decembro de 2015, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais ( que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de .....euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.*

*A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

Oitavo.- *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

Noveno.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2015.*

*Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionais, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

Décimo.- *A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo primeiro.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo segundo.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción.*

*En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

Décimo terceiro.- *Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante y o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2015.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(859).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE SUPLENTE NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA. EXPTE. 37/1102.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía, de data 22.07.15, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 20/07/2015 acordou, entre outros, aprobar a proposta desta Alcaldía-Presidencia de designación de representantes municipais en padroados, fundacións e en diversos órganos e entidades públicas. En concreto, no punto Décimo primeiro do devandito acordo, designouse ao concelleiro da área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Javier Pardo Espiñeira, como

representante do Concello de Vigo no CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo.

Visto o anterior e para acadar unha maior axilidade e flexibilidade na xestión municipal, ao abeiro do sinalado no art. 127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía-Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Nomear suplente do concelleiro da área de Xestión Municipal, Persoal Patrimonio e Administración Electrónica, D. Javier Pardo Espiñeira, no CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo á directora de Ingresos do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Magdalena Vila.

Segundo.- Comunicar este acordo ao Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, ao concelleiro de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica e á directora de Ingresos do Concello de Vigo.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo mento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **5(860).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN PARCIAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 16769/332.**

Dáse conta da proposta de data 21.07.15, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de xullo de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### **6.- Clasificación**

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola municipal de teatro (expediente 16769-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 02-06-2015, 11-06-2015, 14-07-2015 e 21-07-2015 por unanimidade dos asistentes, e dos informes do técnico do servizo de Educación, de datas 8 de xuño e 14 de xullo, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2<sup>o</sup> TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto do servizo da xestión parcial da escola municipal de teatro (expediente 16769-332)” no seguinte orde decrecente:

1. IMAXINIERIA, S.L.: 95 puntos



*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMAXINIERIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 658,80 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **6(861).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS E CHATARRA. EXPTE. 4880/241.**

Dáse conta da proposta de data 21.07.15, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de xullo de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### **6.- Clasificación**

- a) *Procedemento negociado con publicidade para o alleamento de vehículos e chatarra (expediente 4880-241)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 28-04-2015, 05-05-2015, 26-05-2015 e 21-07-2015 por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento negociado con publicidade para o alleamento de vehículos e chatarra (expediente 4880-241) no seguinte orde decrecente:*

#### **- LOTE 124 VEHÍCULOS:**

1. LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.
2. JOSÉ LUIS LORENZO PENIDO
3. DESGUACES GIL, S.L.
4. DESGUACES PEINADOR, S.L.
5. DESGUACES MINGOS, S.L.

#### **- LOTE MOTONIVELADORA:**

1. LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.
2. DESGUACES MINGOS, S.L
3. DESGUACES PEINADOR, S.L.
4. JOSÉ LUIS LORENZO PENIDO

- LOTE CHATARRA FERRO:

1. LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.
2. DESGUACES MINGOS, S.L
3. DESGUACES PEINADOR, S.L.

- LOTE CABLE COBRE:

1. LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.
2. DESGUACES MINGOS, S.L
3. DESGUACES PEINADOR, S.L.

- LOTE CABLE ALUMINIO:

1. LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.
2. DESGUACES PEINADOR, S.L
3. DESGUACES MINGOS, S.L.

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LAJO Y RODRIGUEZ, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **7(862).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO” EXPTE. 3173/440.**

Dáse conta da proposta de data 17.07.15, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 17 de xullo de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### **4.- Clasificación**

- a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "REPARACIÓN DE NOIRO E CONTRUCCIÓ DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO" (expediente 3173-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 02-06-2015, 11-06-2015, 14-07-2015 e 17-07-2015 por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "REPARACIÓN DE NOIRO E CONTRUCCIÓ DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO" no seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS SA	100,00
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA	97,61
3	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	97,46
4	STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL	95,45
5	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION, EDIFICACION Y VIALES SL	95,30
6	ORESA SL	94,77
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	90,42
8	M. MORAN, S.L.	90,33
9	CATESA, S.L.	87,16
10	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	86,29
11	DESMACO SL.	85,26
13	CONSERVIA REHABILITACION Y SERVICIOS, S.L.	84,37
16	CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL	82,94
17	EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES DEL NORORESTE SLU	81,36
18	CIVIS GLOBAL SL	65,10
19	REFORVIGO SL	63,39
20	OBRAS Y TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTE-FRIA SL	45,27
21	HORDESCON, S.L.	19,19
22	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	16,88

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros.

- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **8(863).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 936/341.**

Dáse conta da proposta de data 17.07.15, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 17 de xullo de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### **8.- Clasificación**

- a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención ao público en dependencias da rede de museos Municipais (expediente 936-341)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 28-04-2015, 04-05-2015, 02-06-2015, 05-06-2015, 11-06-2015 e 14-07-2015 e dos informes da xefe do servizo de Museos, do xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural e dos directores dos museos municipais, de datas 30 de abril, 26 de maio, 8 de xuño e 8 de xullo de 2015, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Excluir da presente licitación as mercantís ALIANZAS E SUBCONTRATAS, S.A., UTE V-2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A.- CEE V-2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A, e SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo de atención ao público en dependencias da rede de museos Municipais” no seguinte orde decrecente:*

<b>1. SERVICIOS SECURITAS S.A.</b>	<b>92,27</b>
<b>2. BRÓCOLI S.L.</b>	<b>86,75</b>
<b>3. STENDHAL MUSEUM SOLUTION SL</b>	<b>79,39</b>
<b>4. COYMA SERVICIOS GENERALES SL</b>	<b>75,13</b>
<b>5. INSTITUTO DE GESTIÓN SANITARIA SAU</b>	<b>71,57</b>
<b>6. CLECE S.A.</b>	<b>52,13</b>
<b>7. SERVICIOS GENERALES S.L.</b>	<b>41,74</b>

*Terceiro.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 604,70 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **9(864).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA MERCANTIL XESTORA DO AUDITORIO DO PALACIO DO CONGRESOS DE VIGO, PARA A PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E SOCIOCULTURAS EN DITO AUDITORIO DURANTE O ANO 2015. EXPTE. 6124/335.**

Dáse conta do informe-proposta do secretario de Admón. Municipal, do 20.07.15, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

*1. Por acordo de data 8 de maio de 2015, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o texto do convenio de colaboración entre esta Administración municipal e a mercantil Organización de Ideas de Éxito, S.L. (no sucesivo OIDE, SL), sociedade xestora do Auditorio do Palacio de Congresos de Vigo, para a programación e organización no dito Auditorio das actividades artísticas e socioculturais previstas no convenio, autorizando a tal fin un gasto por importe de 500.000 euros.*

*2. Contra este acordo don Óscar Lomba Álvarez interpuxo recurso de reposición, que tivo entrada nesta Administración municipal o 8 de xuño de 2015.*

*Aduce, en síntese, o recorrente no seu escrito de recurso:*

*— Que a concesión da subvención por importe de 500.000 euros para a realización das actividades de referencia «supón un quebrantamento dalgunha das cláusulas do prego de condicións da concesión do Auditorio que impide a subvención directa de actividades».*

*— Que eses 500.000 euros deberían destinarse a programación propia do Concello, que tería que reservar un determinado número de días para uso libre e gratuíto de entidades culturais e asociacións e mesmo para o desenvolvemento de eventos programados polo propio Concello.*

*— Que a subvención recorrida non se axusta ao disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Ley de Subvencións de Galicia, nin se adapta exactamente ao determinado no artigo 9 da Ley Xeral de Subvencións.*

— Que aínda que a empresa obteña beneficios obterá igualmente a subvención polo importe de 500.000 euros o cal non é razoable nin conforme co interese xeral.

— Que cando se produza un exceso no volume das subvencións percibidas por OIDE do Concello ou das distintas Administracións públicas respecto do custe do proxecto ou actividade, e estas fosen compatibles entre si, a empresa beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora.

— Que adiantar o pagamento da subvención é un risco excesivo e innecesario e vai contra o interese xeral.

3. En cumprimento do artigo 112.2 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común deuse traslado do recurso ás mercantís interesadas para que no prazo de dez días alegasen canto estimen procedente.

4. Por escrito presentado o día 22 de xuño de 2015, a entidade OIDE, S.L. formulou a súa oposición ao recurso de reposición, aducindo a inadmisibilidade do mesmo por falta de interese lexítimo no recorrente, e, subsidiariamente, a súa desestimación polas razóns que no dito escrito se consignan.

A mercantil Pazo de Congresos de Vigo, S.A. non presentou alegación algunha no prazo conferido ao efecto.

#### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primeira.- Con data 18 de setembro de 2014, don Óscar Lomba Álvarez interpuxo recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 1 de agosto de 2014, polo que se aprobou o texto do convenio de colaboración entre esta Administración municipal e a entidade OIDE, SL para a programación e organización no Auditorio Mar de Vigo, durante o ano 2014, das actividades artísticas e socioculturais previstas no dito convenio; acordo no que a tal fin se autorizaba, tamén, un gasto por importe de 500.000 euros.

A Xunta de Goberno Local, por acordo de data 17 de outubro de 2014, tras expoñer os motivos polos que procedía rexeitar as razóns aducidas por don Óscar Lomba Álvarez en xustificación da nulidade que invocada na resolución recorrida, acordou inadmitir o recurso por falta de lexitimación activa do recorrente, ao non xustificar este o seu interese lexítimo.

Segunda.- As razóns que xustificaron naquel acordo a inadmisión do recurso de reposición de don Óscar Lomba Álvarez concorren, tamén, neste.

Dicíase naquel acordo que o artigo 107 LRXAP-PAC establece que «Contra as resolucións e actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 desta Lei.

Dicíase, tamén, que a recente sentenza da Sala Terceira del Tribunal Supremo, de 30 de xuño de 2014, dictada no recurso contencioso-administrativo núm. 520/2013, resume a consolidada doutrina xurisprudencial sobre que debe de entenderse por interese lexítimo.

*«Pues bien, la delimitación precisa de lo que sea el interés legítimo, obliga a partir de la consideración inicial de que la legitimación es un presupuesto inexcusable del procedimiento, que implica (por todas, STS de 11 de febrero de 2003, al resolver el Recurso núm. 53/2000 ), una relación material unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto o disposición impugnados), de tal forma que su anulación produzca automáticamente un efecto positivo (beneficio) o negativo (perjuicio), actual o futuro, pero cierto (como subrayan las SsTC 105/1995, de 3 de julio, F. 2 ; 122/1998, de 15 de junio, F. 4; y 1/2000, de 17 de enero , F. 4).*

*Las SsTS de 23 de junio de 1997 y de 17 de febrero de 1998 aseguran que el interés legítimo "debe tener una entidad sustantiva", de modo que "debe ser el mismo el que esté en la base del procedimiento administrativo y del proceso contencioso- administrativo de impugnación de las resoluciones dictadas en aquél", añadiendo que "si se niega la condición de parte en el procedimiento administrativo, por falta de interés en él, falta ya una base (en términos sustancialistas) para poder sustentar esa misma condición en el ulterior proceso impugnatorio de actos de aquél, pues el mero dato formal de la existencia de un acto dictado en el procedimiento administrativo no tiene entidad para alumbrar un interés nuevo, diferenciable del inexistente antes".*

*Cierto es que, como ha sentado nuestro TS, el más restringido concepto de "interés directo" del artículo 28.a) de la antigua Ley de la Jurisdicción Contencioso- Administrativa de 1956 debe ser sustituido por el más amplio de "interés legítimo", aunque sigue siendo una exigencia indeclinable la existencia de un "interés" como base de la legitimación. Como decía la STS de 15 de diciembre de 1993, aludiendo a la doctrina del Tribunal Constitucional sobre la ampliación del interés tutelable, en cuanto presupuesto de la legitimación, el mismo garante de la Norma Fundamental ha precisado que la expresión "interés legítimo ", utilizada en el artículo 24.1 de la CE, aun cuando sea un concepto diferente y más amplio que el de "interés directo", ha de entenderse referida a un interés en sentido propio, cualificado o específico (STC 257/1989, de 22 de diciembre ), lo que en el ámbito del Tribunal Supremo ha llevado a insistir en que la relación unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto impugnado), con la que se define la legitimación activa, comporta el que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto ( STS de 1 de octubre de 1990 ), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa puede repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto, su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento (SsTS de 4 de febrero de 1991, 17 de marzo y 30 de junio de 1995, 12 de febrero de 1996, 9 de junio de 1997 y 8 de febrero de 1999, entre otras muchas; SsTC 60/1982, 62/1983 , 257/1988, 97/1991, 195/1992, 143/1994 y ATC 327/1997).*

*La Ley Jurisdiccional de 13 de julio de 1998, artículo 19.1.a), siguiendo las mencionadas pautas jurisprudenciales, y ya sin distinguir entre impugnación de actos y disposiciones, reconoce legitimación a "las personas físicas o jurídicas que ostenten un derecho o interés legítimo " y, al propio tiempo, a "las corporaciones, asociaciones, sindicatos y grupos o entidades a que se refiere el artículo 18 -grupos afectados, uniones sin personalidad o patrimonios independientes o autónomos al margen de su integración en las estructuras formales de las personas jurídicas- que resulten afectados o estén legalmente habilitados para la defensa de los derechos e intereses legítimos colectivos".*

*Pese a esta amplitud, el concepto de interés legítimo no puede ser asimilado al de interés en la legalidad, que haría equiparable la legitimación en el orden jurisdiccional con-*

tencioso-administrativo —por ende, también en la esfera administrativa— a la legitimación popular, que sólo en los casos expresamente contemplados en la Ley es admisible, conforme actualmente determina el artículo 19.1 de la vigente Ley Jurisdiccional. (...) Por interés, que la normativa vigente califica bien de "legítimo, personal y directo", o bien, simplemente, de "directo" ó de "legítimo, individual o colectivo", debe reputarse toda situación jurídica individualizada, caracterizada, por un lado, por singularizar la esfera jurídica de una persona respecto de la generalidad de los ciudadanos o administrados en sus relaciones con la Administración Pública, y dotada, por otro, de consistencia y lógica jurídico-administrativa propias, independientes de su conexión o derivación con verdaderos derechos subjetivos.

Salvo en los supuestos en que el ordenamiento reconoce legitimación para ejercer la acción pública, no basta como elemento legitimador bastante el genérico deseo ciudadano de la legalidad, pues es necesaria una determinada relación con la cuestión debatida. En efecto, la legitimación no ampara el puro interés por la legalidad, salvo en los limitados casos de la acción popular, porque, en ese supuesto, se estaría privando de toda efectividad real al criterio de la legitimación previsto en el artículo 19 de la Ley 29/98 y en el artículo 31 de la Ley 30/1992, ni comprende un interés frente a agravios potenciales o futuros (conforme ha señalado reiterada Jurisprudencia del TS, por todas Sentencias de 8 de julio de 1986, 31 de mayo de 1990, 4 de febrero de 1991 y 14 de marzo de 1997)».

Pois ben, trasladando as premisas precedentes ao caso que nos ocupa, é claro que tampouco aquí concorre en don Óscar Lomba Álvarez a condición de interesado, toda vez que non xustifica este a súa relación material unívoca co obxecto da pretensión —o acto impugnado—, de tal xeito que a súa anulación produza automáticamente para él un efecto positivo (beneficio) ou negativo (prexuízo), actual o futuro, pero certo; antes ao contrario, don Óscar Lomba Álvarez, tras afirmar apodícticamente que concorren nel «os requisitos relativos á capacidade e lexitimación activa necesaria para a súa interposición conforme ao disposto nos artigos 30 e 31 da lei 30/1992, de 26 de novembro, das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común» xustifica a súa lexitimación para interpoñer o recurso afirmando que «A conveniencia e pertinencia deste recurso (...) ven determinada pola pretensión do recorrente de que a Administración local sirva con obxectividade aos intereses xerais e actúe de acordo co resto dos principios constitucionais recollidos no artigo 103.1 de constitución Española de 1978»; isto é a mesma xustificación do seu interese lexítimo que ofreceu no recurso de reposición interposto por don Oscar Lomba Álvarez contra o acordo municipal de 1 de agosto de 2014, que por inidónea para fundar un interese lexítimo no recorrente determinou a inadmisión do recurso, pois, como se dicía no devandito acordo de 17 de outubro de 2014, «O puro interés na defensa da legalidade que invoca o recorrente nunha materia como é a que nos ocupa na que no existe a acción pública determina a inadmisibilidade do recurso e impide a súa desestimación polas razóns expostas que xustifican cumpridamente o axuste da actuación administrativa impugnada ao ordenamento xurídico».

Terceira.- Con todo non esta de máis aclarar ao recorrente, en relación coas súas alegacións, o que segue:

En primeiro lugar, que a afirmación de que concesión da subvención por importe de 500.000 euros para a realización das actividades de referencia «supón un quebrantamento dalgunha das cláusulas do prego de condicións da concesión do Auditorio que impide a subvención directa de actividades» e unha afirmación apodíctica, carente de toda xustificación, que non identifica a concreta ou concretas cláusulas do PCAP do contrato que reputa incumplidas e que non é certa, toda vez que ningunha cláusula do devandito PCAP —nin do Regulamento do "Régime de funcionamento do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo", aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de 21 de outubro de 2011— impide á concesionaria da



*obra pública ou á Sociedade Xestora do auditorio Pazo de Congressos a celebración de convenios de colaboración como o que a parte recorrente impugna.*

*Que a programación e a organización de actividades socioculturais, como as que nos ocupan, polo Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias en materia de cultura, realízase tanto polo propio Concello, de forma directa ou indirecta —xestión propia á que se destina a meirande parte dos créditos consignados a estes fins nos orzamentos municipais—, como por medio de convenios de colaboración, como o de que tratamos, para o fomento de actividades culturais. A elección dun ou doutro medio realízase en función de criterios de oportunidade e eficacia e eficiencia no gasto. No presente caso, a utilización do convenio de colaboración para a subvención das actividades socioculturais que nos ocupan foi decidida polo Pleno da Corporación municipal, por vintecatro votos a favor e tres en contra dos concelleiros do BNG, ao aprobar orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2014 e, dentro deles, a aplicación orzamentaria 3380.4700002, denominada “Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo”; orzamentos que na actualidade atópanse prorrogados.*

*Que o Concello de Vigo xa ven poñendo gratuitamente a disposición de asociacións e entidades sen ánimo de lucro —e excepcionalmente de entidades mercantiles, cando a actividade en cuestión é de especial importancia para a cidade— as instalacións do Auditorio-Pazo de Congressos, naqueles días nos que a Administración municipal ten reservada a súa utilización.*

*Que a afirmación de que a subvención recorrida non se axusta ao disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Ley de Subvencións de Galicia, nin se adapta exactamente ao determinado no artigo 9 da Ley Xeral de Subvencións e tamén unha afirmación apodéctica, carente de toda xustificación. Polo demais xustifícase cumpridamente no expediente o cumprimento das esixencias legais para a celebración do convenio de colaboración impugnado.*

*Que nin a Lei Xeral de Subvencións nin a Lei de Subvencións de Galicia exclúen ás entidades con ánimo de lucro da posibilidade de ser beneficiarias de subvencións. Con todo, as previsións de ingresos e gastos que figuran no expediente non contemplan a existencia beneficio económico para a xestora do Auditorio-Pazo de Congressos derivado dos eventos socioculturais subvencionados.*

*Que a necesidade de reintegrar o exceso do volume das subvencións percibidas por OIDE, S.L. do Concello ou das distintas Administracións públicas respecto do custe do proxecto ou actividade está prevista no propio convenio, nas estipulacións Terceira—«Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción»— e Quinta—«cando se produza un exceso no volume das subvencións percibidas por OIDE do Concello ou das distintas Administracións públicas respecto do custe do proxecto ou actividade, e estas fosen compatibles entre si, a empresa beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora»—.*

*— Que o convenio non prevé o adianto do pago da subvención, toda vez que no mesmo se dispón que «a realización efectiva de cada un dos pagamentos mensuais require a previa e adecuada xustificación documental tanto da actividade subvencionada desenvolvida como dos gastos subvencionados imputados a cada período mensual de execución».*

*Cuarta.- É competente para resolver sobre o presente recurso a Xunta de Goberno Local ao ser o órgano do que provén o acto impugnado (artigo 116 LRJAP-PAC)*

*Polo exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO*

**PRIMEIRO.-** Inadmitir o recurso potestativo de reposición interposto por don Óscar Lomba Álvarez contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 8 de maio de 2015, polo que se aprobou o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a mercantil xestora do auditorio do Palacio de Congresos de Vigo, para a programación e organización de actividades artísticas e socioculturales, no dito auditorio, durante o ano 2015, e se autorizou a tal fin un gasto por importe de 500.000 euros.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o acordo a don Óscar Lomba Álvarez e demais interesadas no expediente, con indicación de que o mesmo pon fin á vía administrativa e é inmediatamente executivo e que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo contra este acordo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución. Isto sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime oportuno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(865).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA NO MES DE MAIO DE 2015. EXPTE. 525/330.**

Mediante escrito de data 21.07.15, en cumprimento das instrucións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado da Área de Cultura dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo á Área de Cultura, durante o mes de maio de 2015, que di o seguinte:

SERVIZO: Área de Cultura

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
470/330	02/05/15	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN DO CENTRO DE ARTE FOTOGRÁFICA DE VIGO (CAFVI)	33302279911	30352	1.065,44 €	VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU
474/330	18/05/15	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES PARALELAS DO FESTIVAL DE JAZZ IMAXINA SONS15	33402260904	33014	12.100,00 €	Producción e Xestión Cultural, S.L.
475/330	18/05/15	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA INTEGRAL DO FESTIVAL DE JAZZ IMAXINA SONS15	33402279900	33015	20.794,75 €	Luz Puntual, S.L.
480/330	18/05/15	AUTORIZACIÓN DE	33402260904	33546	2.500,00 €	-----

		GASTO PARA GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'15"				(xenérico)
--	--	--	--	--	--	------------

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **11- PROXECTO DE CONVENIO PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á “ASOCIACIÓN COMERCIANTES ZONA CENTRO DE VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO COMERCIO DA ZONA CENTRO DE VIGO. EXPTE. 11837/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 29.06.15 e o informe de fiscalización do 9.07.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 21.07.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como o fomento do pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custos do convenio de colaboración coa agrupación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO” e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

*...”*

*O concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está a executar novas iniciativas de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.*

*A continuación das iniciativas de fomento do Emprego, xurden para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola crise económica que todavía persiste actualmente.*

*– Dentro destas iniciativas de fomento do Emprego para o ano 2015, tense en conta a situación do sector de servizos e, dentro deste, o relacionado co comercio e a restauración, así como a potenciación do emprego no sector comercial e hosteleiro, fomentando o coñecemento da zona centro de Vigo e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral. A realización destas actividades enmárcanse dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, como a relacionada coas feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, podendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e, dentro destes, a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social, en concordancia co establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.*

*A “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO”, solicita, a través dun escrito presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 07 de maio de 2015 co nº de documento 150054720, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto “Plan de Empleo Municipal 2015”, dunha banda instrumentará a realización de 6 novos contratos laborais, o que permitirá ás persoas contratadas mellorar as súas capacidades de integración laboral, ao obter unha experiencia no campo da comunicación, a xestión administrativa, a organización de eventos, a atención ao público, etc.*

*Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:*

- Dotar de medios persoais e profesionais a entidade para desenvolver accións encaminadas a:
  - 1. Desenvolver un proxecto de mellora nas prestacións de servizos.*
  - 2. Dotar ao colectivo de comerciantes (tanto de Zona Centro de Vigo como do mercado do Progreso) de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación que melloren a capacidade e competitividade comercial.*
  - 3. Posta en marcha da pre-campaña e campaña da grande inauguración do Mercado Progreso.**

*Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos municipais de fomento do Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:*

- ✓ Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.*
- ✓ Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.*

- ✓ *Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.*
- ✓ *Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.*
- ✓ *Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.*
- ✓ *Inserir laboralmente aos colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.*
- ✓ *Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.*
- ✓ *Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.*

*Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.*

*Na actualidade os departamentos municipais de Comercio e de Desenvolvemento Local e Emprego non dispoñen de persoal suficiente para garantir a mellora das prestacións do servizo do centro comercial "Zona Centro" e do Mercado do Progreso, dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial, desenvolver accións de coñecemento do centro comercial "Zona Centro" e do Mercado e mellora da competitividade empresarial.*

*A aportación, por un importe total de 48.524,12 €, do Concello de Vigo, á "ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO", rálzase pola necesidade de dinamizar os sectores que conforman a asociación e que se atopan en clara recesión, especialmente na zona centro de Vigo, e tendo en conta que a "ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO", é a única entidade que agrupa aos comerciantes desa zona, polo que ten un profundo coñecemento das necesidades do comercio minorista que desenvolven alí as súas actividades.*

*Os custos estimados conforme á aplicación do establecido no convenio municipal para a contratación do persoal proposto pola entidade (6 novas contratacións de oficiais de primeira (1 con formación en periodismo, 1 en marketing online, 1 profesor de inglés/informática, 1 comercial, 1 en publicidade e 1 en mantemento e axuda na realización de eventos) e 1 xefe administrativo da entidade encargado da supervisión e coordinación de traballos deste persoal contratado, necesarios sen ter en conta outros gastos como aluguer de instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc suporía.*

*Custos salariais propostos, modificados ao periodo solicitado 4 meses e 25 días (4,83 meses a efectos de cálculo), xa que na solicitude se calcula erroneamente por 5 meses:*

Nome da Asociación	Nº	Categoría	Duración	Xornada	Salarios + Seg.Social		TOTAL
Asociación de Comerciantes "Zona Centro"	1	OFICIAL 1ª – COMUNICACIÓN	4,83	100,00%	5.760,93 €	1.886,74 €	7.647,68 €
	1	OFICIAL 1ª – PUBLICIDADE	4,83	100,00%	5.760,93 €	1.886,74 €	7.647,68 €
	1	OFICIAL 1ª – COMERCIAL	4,83	100,00%	5.760,93 €	1.886,74 €	7.647,68 €
	1	OFICIAL 1ª –MK/ REDES SOCIAIS	4,83	100,00%	5.760,93 €	1.886,74 €	7.647,68 €
	1	OFICIAL 1ª –INGLÉS/INFORM.	4,83	100,00%	5.760,93 €	1.886,74 €	7.647,68 €
	1	OFICIAL 1º –MTTO/EVENTOS	4	100,00%	4.060,08 €	1.329,68 €	5.389,76 €
	1	XEFE ADMIN. ENTIDADE	4,83	50,00%	3.735,67 €	1.160,31 €	4.895,98 €
					36.600,42 €	11.923,71 €	48.524,12 €

*Custes salariais conforme o convenio municipal:*

Posto	Nº	Grupo	CD	C.ESP	Basicas-Mes	CD_Mes	Esp_Mes	Mensual	Promateo paga extra	Cotización Seg.Social	Seg.Social mes	Custes mensualidad	TOTAL	Xornada
OFICIAL 1ª – COMUNICACIÓN	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	14.624,62 €	100,00%
OFICIAL 1ª – PUBLICIDADE	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	14.624,62 €	100,00%
OFICIAL 1ª – COMERCIAL	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	14.624,62 €	100,00%
OFICIAL 1ª –MK/REDES SOCIAIS	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	14.624,62 €	100,00%
OFICIAL 1ª –INGLÉS/INFORMÁTICA	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	14.624,62 €	100,00%
OFICIAL 1ª –MTTO/EVENTOS	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	12.111,49 €	100,00%
XEFE ADMIN. ENTIDADE	1	C1	22	313	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	7.312,31 €	50,00%
													92.546,90 €	

7

*O orzamento necesario para cubrir os custes salariais do persoal que se precisaría polo Concello de Vigo, para a dinamización e fomento do comercio da zona centro-príncipe de Vigo, superaría amplamente o importe total do previsto no convenio para salarios (92.546,90€ fronte a 48.524,12€).*

*Doutra parte a contratación do servizo con empresas adicadas a esta actividade sería por un prezo moi superior, en todo caso, á achega municipal ao convenio.*

*Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (06/05/2015 ao 30/09/2015), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2015.*

*Establécese a inexistencia de relación laboral entre as persoas traballadoras directa ou indirectamente beneficiarias da subvención que se pretende conceder á "ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO", e o Concello de Vigo.*

*Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.*

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execu-*

*ción dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Con data 05/05/2015 celebrouse unha xuntanza da Comisión de Seguimento, onde se seleccionaron as persoas candidatas para 5 dos postos de nova contratación (1 con formación en periodismo, 1 en marketing online, 1 profesor de inglés/informática, 1 comercial, 1 en publicidade). Previamente, as ofertas de emprego correspondentes foron publicadas nos taboleiros de anuncios do Departamento de Emprego (tanto na 4ª planta do concello como no Centro Municipal de Emprego), na páxina web do Concello correspondente ás asociacións (dende o 11/03/15 ata o 17/03/2015), así como na web da Asociación, tamén nas mesmas datas. Achégase acta desta xuntanza, así como a documentación das persoas propostas.*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

- *Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO”, con CIF: G36887859.*
- *Autorizar o gasto de 48.524,12 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo e comprometer o mesmo a favor da “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO”, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.*
- *Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO COMERCIO DA ZONA CENTRO DE VIGO*

*Na Casa do Concello de Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil quince*

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2015), con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.*

*Doutra parte, Don Javier Romero González co DNI 36068145M en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO”, facultado pola propia entidade en xuntanza mantida o 04/05/2015, con domicilio social na Ronda don Bosco 41, ofi. 13, 36202 de VIGO e CIF G36887859.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

## EXPOÑEN

Que a mellora do benestar da cidadanía de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos mediante a sinatura de convenios de colaboración coa "ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO", para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego no sector comercial, fomentando o coñecemento e dos centros comerciais abertos e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, procurando que os custos do convenio de colaboración coa agrupación de comerciantes sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias de ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade; sendo unha das formas para acadar este obxectivo entre outras a colaboración coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO .

A colaboración coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO, dentro do marco do Plan Municipal de Emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais se dinamice a inserción en profesións relacionadas co sector servizos e a creación de novos postos no mercado laboral, concedendo a oportunidade de obter unha formación teórico-práctica que lles permita mellorar as súas opcións de empregabilidade, así como mellorar, mediante os proxectos desenvolvidos dende a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO, a dinamización dos centros comerciais abertos, mellorando o tecido productivo local, así como as competencias requiridas no seo das empresas do eido local.

## MANIFESTAN

I.- - Que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO, conforme o súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vio o pasado día 07 de maio de 2015 co nº de documento 150054720, entre outros, os seguintes obxectivos:

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:



- *Dotar de medios persoais e profesionais a entidade para desenvolver accións encaminadas a:*
  - *Desenvolver un proxecto de mellora nas prestacións de servizos.*
  - *Dotar ao colectivo de comerciantes (tanto de Zona Centro de Vigo como do mercado do Progreso) de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación que melloren a capacidade e competitividade comercial.*
  - *Posta en marcha da pre-campaña e campaña da grande inauguración do Mercado Progreso.*
- *Desenvolver estas accións de coñecemento do mercado e do centros comercial cara a mellora da competitividade empresarial nos seguintes ámbitos:*
  - *Centro Comercial "Zona Centro de Vigo".*
  - *Mercado do Progreso.*

*II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.*

*Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara a mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.*

*III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.*

*Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO da situación dos comercios relacionados co sector do comercio minorista na zona centro de Vigo, así como da falta de persoal especializado na formación, asesoramento e implantación de campañas de dinamización do comercio mediante técnicas presenciais e do uso das novas tecnoloxías no concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.*

*IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, cuxo obxecto é desenvolver un proxecto de mellora na prestación de servizos no centro comercial zona centro de Vigo e do mercado da súa zona, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade comercial, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito a persoas desempregadas de Vigo.*

V.- Que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO, o Concello de Vigo e a dita federación conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## PACTOS

Primeiro.- A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto á mellora na prestación de servizos nos centros comerciais abertos, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito, e concretamente, a:

Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

1. Dotar de medios persoais e profesionais a entidade para desenvolver accións encaminadas a:
  - a) Desenvolver un proxecto de mellora nas prestacións de servizos.
  - b) Dotar ao colectivo de comerciantes (tanto de Zona Centro de Vigo como do mercado do Progreso) de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación que melloren a capacidade e competitividade comercial.
  - c) Posta en marcha da pre-campaña e campaña da grande inauguración do Mercado Progreso.
2. Desenvolver estas accións de coñecemento do mercado e do centros comercial cara a mellora da competitividade empresarial nos seguintes ámbitos:
  - a) Centro Comercial "Zona Centro de Vigo".
  - b) Mercado do Progreso.
3. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario da entidade certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar, agás os do persoal contratado pola entidade con cargo ao Plan Municipal de Fomento do Emprego do ano 2013, continue ou non prestando os seus servizos na asociación.
4. As contratacións serán exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos dende o 1 de xaneiro de 2014.
5. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

6. No emprazamento das accións constará en lugar visible un cartel informativo en modelo normalizado. Modelo que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
7. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- I. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- II. Respetar a estrutura organizativa da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO.
- III. Conceder directamente á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO unha subvención por importe de 48.524,12 € como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na lixuidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custo total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- ✓ O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- ✓ Tres vocais:
  - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  - Dous membros da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

*Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.*

- *Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.*
- *Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.*
- *Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.*

*Décimo.- A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar dende o remate da actividade, e sempre antes do 30/11/2015, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade conveniada.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.*

*As retribucións de persoal xustificaranse mediante:*

- *Copia autenticada do contrato.*
- *Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- *Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da axuda e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora do convenio procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 06 de maio e o 30 de setembro de 2015.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.*

*Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:*

- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.*
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.*
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade obxecto do convenio, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.*

*Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora*

*Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade realizada e demais actuacións previstas en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO VIGO no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.*

*Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2015.*

**12(866).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA PRÍNCIPE” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO COMERCIO DA ZONA CENTRO PRÍNCIPE DE VIGO. EXPTE. 11795/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 29.06.15 e o informe de fiscalización do 14.07.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 21.07.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que di o seguinte:

*Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento do pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa "ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO", para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

*..."*

*O Concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está a executar novas iniciativas de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.*

*A continuación das iniciativas de fomento do Emprego, xurden para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola situación económica actual.*

*- Dentro destas iniciativas de fomento do Emprego para o ano 2015, tense en conta a situación do sector de servizos, e dentro deste o relacionado co pequeno comercio, así como a potenciación do emprego no mesmo, fomentando o coñecemento da rúa do Príncipe como espazo comercial aberto e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral. Estas actividades enmárcanse dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, como a relacionada coas feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, puidendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e, dentro destes, a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social, en concordancia co establecido Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.*

*- A "Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo", solicita a través dun escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o pasado 20 de abril de 2015, co nº de docu-*



mento 150046435, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto "Plan Laboral Centro Príncipe 2015", dunha banda instrumentará a realización de 5 novos contratos laborais, o que permitirá ás persoas contratadas mellorar as súas capacidades de integración laboral ao obter unha experiencia no campo da comunicación, a xestión administrativa, a organización de eventos, a atención ao público, etc.; e por outra banda, intentará poñer en valor e recuperar a memoria histórica da zona ao tempo que tratará de revitalizar o sector comercial desta zona.

Este convenio de colaboración ten previstos os seguintes obxectivos:

- *Dotar de medios persoais e profesionais á entidade para desenvolver accións encaminadas a:*
  1. *Mellorar na prestación de servizos do centro comercial aberto.*
  2. *Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación que melloren a súa capacidade e competitividade comercial.*
- *Desenvolver estas accións de coñecemento do centro comercial aberto "Zona Príncipe" e mellorar a competitividade empresarial dos comercios integrados no Centro Comercial Aberto "Zona Príncipe", mediante actividades que:*
  1. *Poñan en valor e recuperen a memoria histórica da zona.*
  2. *Amplíen a oferta de servizos do centro.*
  3. *Estimulen a fidelización mediante campañas adaptadas a cada un dos sectores representados nesa zona.*
  4. *Revitalicen o sector mediante a formación dos comerciante e os seus empregados e empregadas e fomenten a modernización do seu nivel tecnolóxico.*
  5. *Fomenten o uso das novas tecnoloxías e as redes sociais como medios de achegar as ofertas a cidadanía.*
  6. *Aumenten as vendas da zona realizando distintos tipos de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.*
  7. *Aumenten o número de empresas asociadas e velar polos seus intereses.*

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos municipais de fomento do Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- ✓ *Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.*
- ✓ *Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.*
- ✓ *Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan aos servizos de emprego deste concello.*
- ✓ *Establecer procedementos de transición de ensino regrado ao mundo laboral.*
- ✓ *Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.*

- ✓ *Inserir laboralmente aos colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.*
- ✓ *Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.*
- ✓ *Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.*

*Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.*

*Na actualidade os departamentos municipais de Comercio e de Desenvolvemento Local e Emprego non dispoñen de persoal suficiente para garantir a mellora das prestacións do servizo do centro comercial aberto "Zona Príncipe", dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial, desenvolver accións de coñecemento do centro comercial aberto "Zona Príncipe" e mellora da competitividade empresarial.*

*– A aportación por un importe total de 40.000,00 € do Concello de Vigo, á "Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo", se realiza pola necesidade de dinamizar os sectores que conforman a asociación e que se atopan en clara recesión, especialmente na contorna da rúa do Príncipe, e tendo en conta que a "Asociación de Comerciantes de la calle del Principe de Vigo" é a única entidade que agrupa aos comerciantes desa zona, polo que ten un profundo coñecemento das necesidades do comercio minorista que desenvolven alí as súas actividades.*

*Os custes estimados conforme á aplicación do establecido no convenio municipal para a contratación do persoal proposto pola entidade (3 administrativos -cunha xornada do 75%-, 1 auxiliar administrativo -cunha xornada do 20%-, 1 técnico -cunha xornada do 20%- e 1 coordinador do grupo A1 -cunha xornada do 50%-), necesarios sen ter en conta outros gastos como aluguer de instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc, suporía:*

- *Custes salariais propostos pola entidade:*

Categoría	Nº	Duración	Xornada	Salarios	Seg.Social	TOTAL
Auxiliar	1	5	20,00%	197,92 €	81,40 €	1.396,60 €
Administrativo	3	5	75,00%	1.233,15 €	471,78 €	25.573,95 €
Técnico	1	5	20,00%	197,92 €	81,40 €	1.396,60 €
Coordinador	1	5	50,00%	1777,14	547,09	11.621,15 €

Total Contratacións:	39.988,30 €
Outros custes:	600,00 €
<b>TOTAL:</b>	<b>40.588,30 €</b>

*Custes salariais conforme o convenio municipal:*

Posto	Nº Postos	Nº Meses	Basicas-Mes	CD_Mes	Esp_Mes	Mensual	Promrateo paga extra	Cotización Seg.Social	Seg.Social mes	Custes mes 100%xorn.	% Xornada	TOTAL
AUXILIAR DE ADMON XERAL	1	5	599,25 €	349,93 €	586,97 €	1.536,15 €	128,01 €	32,10	534,20 €	2.198,36 €	20,00%	2.198,36 €
ADMINISTRATIVO DE ADMON XERAL	3	5	838,27 €	417,25 €	645,87 €	1.901,39 €	158,45 €	32,10	661,21 €	2.721,05 €	75,00%	30.611,78 €
TÉCNICO (C1)	1	5	838,27 €	509,84 €	767,68 €	2.115,79 €	176,32 €	32,10	735,77 €	3.027,87 €	20,00%	3.027,87 €
COORDINADOR (A1)	1	5	1.109,05 €	509,84 €	1.268,83 €	2.887,72 €	240,64 €	32,10	1.004,20 €	4.132,57 €	50,00%	10.331,42 €
<b>COSTE TOTAL:</b>											<b>46.169,44 €</b>	

O orzamento necesario para cubrir os custes salariais do persoal que se precisaría polo Concello de Vigo, para a dinamización e fomento do comercio da zona Centro-Príncipe de Vigo, superaría amplamente o importe total do previsto no convenio para salarios aínda sen engadir os custes de gastos correntes solicitados e que en todo caso terían que ser asumidos polo Concello.

Doutra parte a contratación do servizo con empresas adicadas a esta actividade sería por un prezo moi superior, en todo caso, á achega municipal ao convenio.

Ademais dos custes propios do persoal (39.988,30 €), establécense uns gastos necesarios para o desenvolvemento das accións previstas no convenio e que suman a cantidade total de 600,00 € (1,50 % dos gastos salariais e de seguridade social a cargo da entidade), dos que o Concello de Vigo, asume 39.400,00 € de custes salariais e de seguridade social e 600,00 € de gastos de xestión, os 588,30 € restantes serán asumidos pola propia asociación.

Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/05/2015 ao 30/09/2015), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2015 prorrogado.

Establécese a inexistencia de relación laboral entre as persoas traballadoras directa ou indirectamente beneficiarias da subvención que se pretende conceder á "Asociación de Comerciantes de la calle del Principe de Vigo" e o Concello de Vigo.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo", con CIF: G36636942.
- Autorizar o gasto de 40.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2015 prorrogado, e comprometer o mesmo a favor da "Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo", para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.

- *Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, para asinar o citado convenio.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO COMERCIO DA ZONA CENTRO PRÍNCIPE DE VIGO*

*Na Casa do Concello de Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil quince.*

#### *REUNIDOS*

*Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de 6 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013), con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.*

*Doutra parte, Don Cándido Rial Covelo co DNI \_\_\_\_\_ en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO”, facultado pola propia entidade en xuntanza mantida o 05/02/2015, con domicilio social en Rúa Príncipe, 51 -1º ofi. 10, 36202 de VIGO e CIF G36636942.*

*Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan reconñéndose reciprocamente a capacidade suficiente par asinar este convenio.*

#### *EXPOÑEN*

*PRIMEIRO: Que a mellora do benestar da cidadanía de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados de fomento do Emprego intervén para acadar unha sociedade máis inclusiva, máis xusta e equilibrada e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres anos anteriores, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais. Polo que, conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

*...”*

*A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal*

*e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego no sector comercial, fomentando o coñecemento e dos centros comerciais abertos e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación de comerciantes sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias de ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.*

*O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.*

*A colaboración coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais, se dinamice a inserción en profesións relacionadas co sector servizos e a creación de novos postos no mercado laboral concedendo a oportunidade de obter unha formación teórico práctica que lles permita mellorar sus opcións de empregabilidade, así como mellorar, mediante os proxectos desenvolvidos desde a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, a dinamización dos centros comerciais abertos, mellorando o tecido productivo local, así como as competencias requiridas no seo das empresas do eido local.*

#### MANIFESTAN

*I.- - Que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 20 de abril de 2015 co nº de documento 150046435, ten entre outros, os seguintes obxectivos:*

- ✓ *Dotar de medios persoais e profesionais á entidade para desenvolver accións encañadas a:*
  - *Mellorar as prestacións do servizo do centro comercial aberto.*
  - *Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial.*
- ✓ *Desenvolver estas accións de coñecemento do centro comercial aberto “Zona Príncipe” e mellorar a competitividade empresarial dos comercios integrados no Centro Comercial Aberto “Zona Príncipe”, mediante actividades que:*
  - *Poñan en valor e recuperen a memoria histórica da zona.*
  - *Amplíen a oferta de servizos do centro.*
  - *Estimulen a actividade mediante campañas de fidelización adaptadas a cada un dos sectores da zona.*
  - *Revitalicen o sector mediante a formación dos comerciantes e os seus empregados e empregadas e fomenten a modernización tecnolóxica.*
  - *Aumenten as vendas realizando diversos tipos de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.*
  - *Respondan ás necesidades e intereses das empresas asociadas dunha forma eficaz.*

- *Aumenten o número de empresas asociadas e velar polos seus intereses.*

*Estes obxectivos acadaranse coa contratación de 5 persoas desempregadas da nosa cidade que serán coordinadas por unha persoa da propia entidade.*

*II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.*

*Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xera, e das persoas desempregadas en particular.*

*III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.*

*Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO da situación dos comercios relacionados co sector do comercio minorista na zona Príncipe de Vigo, así como da falta de persoal especializado na formación, asesoramento e implantación de campañas de dinamización do comercio mediante técnicas presenciais e do uso das novas tecnoloxías no Concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.*

*IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de mellora na prestación de servizos no centro comercial aberto da zona "Centro Príncipe" de Vigo, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade comercial, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito a persoas desempregadas de Vigo.*

*V.- Que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita federación conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

## PACTOS

*Primeiro.- A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto á mellora na prestación de servizos nos centros comerciais abertos, e dotar ao colectivo empresarial de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación cara a mellora da súa capacidade e competitividade, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito, e concretamente, a:*

*Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor (a concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos), das seguintes actividades:*

- *Dotar de medios persoais e profesionais a entidade para desenvolver accións encaminadas a:*
  - *Mellora das prestacións do servizo do centro comercial aberto.*
  - *Dotar aos comerciantes de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, cara a mellorar a súa capacidade e competitividade comercial.*
- *Desenvolver estas accións de coñecemento do centro comercial aberto “Zona Príncipe” e mellorar a competitividade empresarial dos comercios integrados no Centro Comercial Aberto “Zona Príncipe”, mediante actividades que:*
  - *Poñan en valor e recuperen a memoria histórica da zona.*
  - *Amplíen a oferta de servizos do centro.*
  - *Estimulen a fidelización mediante campañas adaptadas a cada un dos sectores representados nesa zona.*
  - *Revitalicen o sector mediante a formación dos comerciantes e os seus empregados e empregadas e fomenten a modernización do seu nivel tecnolóxico.*
  - *Fomenten o uso das novas tecnoloxías e as redes sociais como medios de achegar as ofertas a cidadanía.*
  - *Aumenten as vendas da zona realizando distintos tipos de actividades que xeneren o paso de clientes potenciais.*
  - *Aumenten o número de empresas asociadas e velar polos seus intereses.*
- *Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá “Asociacións en rede” (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario da entidade certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar.*
- *As contratacións serán exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2014.*
- *Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*

- No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- I. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- II. Respetar a estrutura organizativa da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.
- III. Conceder directamente á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO unha subvención por importe de 40.000,00 € (39.400,00 € de custes salariais e 600,00 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.



Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- ✓ O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- ✓ Tres vocais:
  - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  - Dous a membros da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade, e sempre antes do 01/12/2015, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade conveniada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da axuda e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da convenio procederá á devolución do orixinal.

*Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2015.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.*

*Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:*

- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.*
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.*
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de sub-*

vencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade obxecto do convenio, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo do convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreziación e imposición estaerase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade realizada e demais actuacións previstas en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE LA CALLE DEL PRINCIPE DE VIGO no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2015.

**13(867).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO- ANO 2015. EXPTE. 11617/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.07.15, e o informe de fiscalización do 14.07.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 07.07.15, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con sindicatos e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 26 de marzo de 2015, aprobáronse as bases reguladoras das "Subvencións para o fomento do emprego de entidade deportivas sin ánimo de lucro" para a ano 2015.*

*Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 71, do 16 de abril de 2015, así como nos medios de comunicación escrita e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte a súa publicación no BOP (17 ao 27 de abril), da que resultou a presentación das seguintes doce (12) solicitudes:*

**Solicitudes presentadas**

Nº Expdte.	Nome da entidade	CIF	Epígrafe inscrición no RMA
11798/77	Federación de Peñas Recreativas "El Olivo"	G36704666	3.3
11801/77	Club de esgrima de Vigo "El olivo"	G36869873	3.1.1
11807/77	Club de fútbol Balaídos	G36737724	---
11808/77	Asociación de Fútbol aficionado de Vigo	G36998227	3.0.0
11809/77	San Roque Casablanca CF	G36763084	3.1.1
11810/77	Asociación Deportiva "TAMIAR"	G36657450	3.1.1
11811/77	Club Ciclista Vigués	G36650885	3.1.1
11812/77	Real Club Náutico de Vigo	G36612752	10.5
11813/77	Club Deportivo Coya	G36753911	3.1.1
11817/77	Club Baloncesto Seis do Nadal-Coia	G36942142	3.1.1
11818/77	Clube Cicloturista Valladares	G36796258	3.1.1
11819/77	Club Sieiro Acrobacia Vigo	G36846608	---

*As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego establecen unha financiación da mesma por unha contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2015) é de 300.000,00 € € (trescentos mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.*

*O concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, con data 27/05/2015, conforme ao establecido na cláusula décimo primeira, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo co apartado 4, cos seguintes membros:*

Vogal 1	Titular	Francisco J. Gutiérrez Orúe	Xefe servizo
	Suplente	Elisa Casal Prieto	Técnica de emprego
	Titular	Ana M <sup>a</sup> Mouriz Martínez	Coordinadora

Vogal 2	Suplente	Sonia Rodríguez Ricart	Técnica Xestión Económica
---------	----------	------------------------	---------------------------

A Comisión de valoración en xuntanza de data 08/06/2015 e posterior de data 22/06/2015, conforme á información que consta no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder as mesmas, procedendo a realizar a avalización das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus componentes a que se achega xunto co expediente, e que de xeito resumido acordou o seguinte:

•Desestimar as seguintes solicitudes:

Solicitudes excluidas				
Nº Expdte.	Nome da entidade	Epígrafe Tipo.Tema	NOME ENTIDADE	Causa exclusión
11798/77	Federación de Peñas Recreativas "El Olivo"	G36704666	3.3	(1)
11807/77	Club de fútbol Balaídos	G36737724	---	(2)
11812/77	Real Club Náutico de Vigo	G36612752	10.5	(1)
11819/77	Club Sieiro Acrobacia Vigo	G36846608	---	(2)

(1) DENEGADA - Epígrafe non admitido

(2) DENEGADA - Non inscrito no RMA

•Valorar o resto das solicitudes conforme a cláusula Décima, cos seguintes resultados:

NOME ENTIDADE	CIF	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	XORNADA				Colaboración	Calidade/Viabil. Proxecto	Nº Contratos	Duración Contrato	Xornada	Total Cal/Cant. Contratos	TOTAL PUNTOS
				100%	>50%	>15-50%=<	<=15%							
Club de esgrima de Vigo "El olivo"	G36869873	1	5		1			5,00	5,00	1,00	1,75	0,85	3,6	13,60
Asociación de Fútbol aficionado de Vigo	G36998227	2	5			2		3,00	5,00	2,00	3,5	1,5	7	15,00
San Roque Casablanca CF	G36763084	4	5			4		6,00	6,00	4,00	7	3	14	26,00
Asociación Deportiva "TAMIAR"	G36657450	2	4			2		6,00	6,50	2,00	3	1,5	6,5	19,00
Club Ciclista Vigüés	G36650885	3	5			3		7,50	5,00	3,00	5,25	2,25	10,5	23,00
Club Deportivo Coya	G36753911	5	4		2	3		5,50	5,50	5,00	7,5	3,95	16,45	27,45
Club Baloncesto Seis do Nadal-Coia	G36942142	5	2				5	6,50	7,00	5,00	5	1,75	11,75	25,25
Clube Cicloturista Valladares	G36796258	3	3			3		2,00	6,50	3,00	3,75	2,25	9	17,50
Total puntos													166,8	

•Realizar a distribución económica unha vez evaluadas as solicitudes das entidades é, a asignación dos importes ven determinada pola multiplicación da valoración individual de cada entidade polo valor estimado para cada punto resultado da división entre o importe total do programa (300.000,00 €) e a suma dos puntos totais obtidos por todas as entidades (166,8), o que supón 1.798,56 € por cada punto obtido na valoración de cada entidade, obtendo a seguinte asignación e axustando o importe concedido á axuda solicita, no caso de que o primeiro fora superior, ou ao máximo establecido na convocatoria si a axuda solicitada fora superior:

NOME ENTIDADE	CI	Nº DEPOSITOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	100%	>50%	>15-50%<=	<=15%	Colaboración	Calidade/Viabil. Proxecto	Nº Contratos	Duración Contrato	Xornada	Total Cal.Cant. Contratos	TOTAL PUNTOS	Importe axuda CONCEDIDA INICIAL	TOTAL RESOLUCIÓN	% sobre a axuda solicitada	
Club de esgrima de Vigo "El olivo"	G36869873	1	5		1			5,00	5,00	1,00	1,75	0,85	3,6	13,60	24.460 €	3.587,85 €	100,00%	
Asociación de Fútbol aficionado de Vigo	G36998227	2	5			2		3,00	5,00	2,00	3,5	1,5	7	15,00	26.978 €	6.851,25 €	100,00%	
San Roque Casablanca CF	G36763084	4	5			4		6,00	6,00	4,00	7	3	14	26,00	46.763 €	11.647,13 €	100,00%	
Asociación Deportiva "TAMIAR"	G36657450	2	4			2		6,00	6,50	2,00	3	1,5	6,5	19,00	34.173 €	6.933,75 €	100,00%	
Club Ciclista Vigués	G36650885	3	5			3		7,50	5,00	3,00	5,25	2,25	10,5	23,00	41.367 €	14.525,55 €	100,00%	
Club Deportivo Coya	G36753911	5	4		2	3		5,50	5,50	5,00	7,5	3,95	16,45	27,45	49.371 €	25.000,00 €	100,00%	
Club Baloncesto Seis do Nadal-Coia	G36842142	5	2				5	6,50	7,00	5,00	5	1,75	11,75	25,25	45.414 €	2.269,30 €	100,00%	
Club Cicloturista Valladares	G36796258	3	3			3		2,00	6,50	3,00	3,75	2,25	9	17,50	31.475 €	7.550,82 €	100,00%	
															Total puntos	166,8	78.365,65 €	
															Importe punto	1.798,56 €	Non consumido	221.634,35 €

## ÓRGANO COMPETENTE

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local "o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal".

## RECURSOS

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo os art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA)

Á vista do exposto, de conformidade coa base décimo primeira.8 da norma reguladora da subvención, art. 23.3 da LSG e art. 127.g) da LMMGL, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO: DESESTIMAR**, integramente, conforme ao art. 23.3 da LSG, ás entidades que se relacionan, as súas solicitudes de subvencións, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en concreto, polas causas indicadas:

### Solicitudes excluidas

Nº Expdte.	Nome da entidade	Epígrafe Tipo.Tema	NOME ENTIDADE	Causa exclusión
11798/77	Federación de Peñas Recreativas "El Olivo"	G36704666	3.3	(1)
11807/77	Club de fútbol Balaídos	G36737724	---	(2)
11812/77	Real Club Náutico de Vigo	G36612752	10.5	(1)
11819/77	Club Sieiro Acrobacia Vigo	G36846608	---	(2)

(1) DENEGADA - Epígrafe non admitido

(2) DENEGADA - Non inscrito no RMA

SEGUNDO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario, por importe de 78.365,65 € (setenta e oito mil trescentos sesenta e cinco euros, con sesenta e cinco centimos).

NOME ENTIDADE	CIF	TOTAL RESOLUCIÓN
Club de esgrima de Vigo "El olivo"	G36869873	3.587,85 €
Asociación de Fútbol aficionado de Vigo	G36998227	6.851,25 €
San Roque Casablanca CF	G36763084	11.647,13 €
Asociación Deportiva "TAMIAR"	G36657450	6.933,75 €
Club Ciclista Vigués	G36650885	14.525,55 €
Club Deportivo Coya	G36753911	25.000,00 €
Club Baloncesto Seis do Nadal-Coia	G36942142	2.269,30 €
Clube Cicloturista Valladares	G36796258	7.550,82 €
		78.365,65 €

TERCEIRO: Liberar o crédito non utilizado por importe de 221.634,35 €, da retención de crédito número de operación 201500015327 de data 27/02/2015.

CUARTO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 58 e 59 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa:

De que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar resolución.

QUINTO: INFORMAR, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 4.1.c) da Lei 30/92, de RXAP e PAC, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**14(868).- CORRECIÓN DE ERROS NO EXPTE. 6137/335.- CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE LOS ENEMIGOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 23.07.15, conformado pola concelleira de Festas e polo concelleiro de Orzamento e Facenda, que di o seguinte:

*No informe proposta de data 16 de xullo de 2015 relativo a contratación de prestación de servizos para a actuación artística de LOS ENEMIGOS no Auditorio de Castrelos, no apartado primeiro da proposta existen erros nas datas de redacción dos pregos técnicos e administrativos: "o prego de prescricións técnicas particulares de data 7 de xullo de 2015, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 15 de xullo de 2015".*

*Sendo as datas correctas as seguintes: o prego de prescricións técnicas particulares de data 6 de xullo de 2015, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 16 de xullo de 2015.*

*Como consecuencia de estes erros o acordo de Xunta de Goberno de data 20 de xullo de 2015, expediente 6137-335 contén no apartado primeiro da proposta os mesmos erros anteditos nas datas dos pregos técnicos e pregos administrativos.*

*Por este motivo, a xefa do servizo de festas procede a rectificación dos erros, coa conformidade da Concelleira de Festas e Cultura e o Concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda.*

*En consecuencia propónse á Xunta de Goberno Local, en cumprimento do art. 110 Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a adopción do seguinte acordo rectificativo:*

**PROPOSTA**

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística de LOS ENEMIGOS no Auditorio de Castrelos (expte:6137/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 6 de xullo de 2015, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 16 de xullo de 2015.*

*Segundo .- Autorizar un gasto por importe total de 56.603,30 € co iva incluído (cincoenta e seis mil seiscientos tres con trinta) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.*

*Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa "SWEET NOCTURNA, S.L" CIF: B-36998524, como empresa autorizada en exclusiva para a actuación da artista LOS ENEMIGOS o día 1 de agosto de 2015 en Vigo, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.*

*Cuarto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(869).- CORRECIÓN DE ERROS NO EXPTE. 6136/335.- CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE JULIETA VENEGAS NO AUDITORIO DE CASTRELOS.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 23.07.15, conformado pola concelleira de Festas e polo concelleiro de Orzamento e Facenda, que di o seguinte:

*No informe proposta de data 16 de xullo de 2015 relativo a contratación de prestación de servizos para a actuación artística de JULIETA VENEGAS no Auditorio de Castrelos, no apartado primeiro da proposta existen erros nas datas de redacción dos pregos técnicos e administrativos: "o prego de prescricións técnicas particulares de data 7 de xullo de 2015, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 15 de xullo de 2015".*

*Sendo as datas correctas as seguintes: o prego de prescricións técnicas particulares de data 6 de xullo de 2015, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 16 de xullo de 2015.*

*Como consecuencia de estes erros o acordo de Xunta de Goberno de data 20 de xullo de 2015, expediente 6136-335 contén no apartado primeiro da proposta os mesmos erros anteditos nas datas dos pregos técnicos e pregos administrativos.*

*Por este motivo, a xefa do servizo de festas procede a rectificación dos erros, coa conformidade da Concelleira de Festas e Cultura e o Concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda.*

*En consecuencia propónse á Xunta de Goberno Local, en cumprimento do art. 110 Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a adopción do seguinte acordo rectificativo:*

**PROPOSTA**

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística de JULIETA VENEGAS no Auditorio de Castrelos (expte:6136/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 6 de xullo de 2015, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 16 de xullo de 2015.*

*Segundo .- Autorizar un gasto por importe total de 47.795 € co iva incluído (coarenta e sete mil setecentos noventa e cinco) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.*

*Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa ESMERARTE INDUSTRIA CREATIVAS, S.L CIF:B- 27786045, como empresa autorizada en exclusiva para a actuación da artista internacional JULIETA VENEGAS no Auditorio de Castrelos o día 7 de agosto de 2015 ás 23,00 horas, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.*

*Cuarto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(870).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA A MELLORA DO EQUIPAMENTO DOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLERES (CIM). EXPTE. 6821/224.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 17.07.15, conformado pola concelleira de Igualdade e polo asesor xurídico, que di o seguinte:

*A Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Resolución do 8 de xullo de 2015, aproba as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para a mellora do equipamento dos centros de información ás mulleres (CIM) acreditados ao abeiro do Decreto 182/2004, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e procede á súa convocatoria para o ano 2015 (DOG núm. 129 do 10 de xullo de 2015).*

*O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para a mellora do equipamento informático (ordenadores, monitores, impresoras e similares), equipamento de oficina (fotocopiadora, fax e similares) e mobiliario (mesas, cadeiras e similares) ás entidades locais de Galicia titulares de centros de información ás mulleres acreditados.*

*O Concello de Vigo é titular dun Centro de Información á Muller, adscrito á Concellería de Igualdade e acreditado como tal pola Xunta de Galicia. Atendendo a que esta administración local cumpre os requisitos estipulados nas bases da convocatoria, este órgano xestor valora convinte presentar solicitude á mesma. Segundo o artigo 14 das bases, para cobrar as axudas concedidas ao abeiro desta resolución, as entidades beneficiarias deberán presentar, con data límite 30 de outubro de 2015, a documentación acreditativa da realización do proxecto de investimento en equipamento e xustificar a totalidade do orzamento, pois no caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minguada na mesma proporción. Ademais, non xerarán dereito ao cobramento da subvención as xustificacións que non alcancen como mínimo o 60% do orzamento das actuacións subvencionables.*

*A mellora do equipamento do CIM municipal preténdese conseguir coa realización do seguinte investimento: adquisición de 1 pc portátil, 1 proxector/cañón de vídeo, 2 pantallas para pc, 2 pcs, 1 destructora de papel e cd; 2 estanterías e 2 deshumificadores, tal e como se especifica no Anexo II da convocatoria. O custe total do investimento que se pretende realizar é de 3.120,00€. A axuda solicitada é de 2.620,80€, comprometéndose o Concello a achegar o importe do orzamento necesario para completar a realización do proxecto de investimento para o cal se solicita a subvención.*

*Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a Concellería de Igualdade por un importe de 2620,80€, en base ao disposto na Resolución do 8 de xullo de 2015, da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para a mellora do equipamento dos centros de información ás mulleres (CIM) acreditados ao abeiro do Decreto 182/2004, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional -FEDER- (DOG núm. 129 do 10 de xullo de 2015).*

*2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte subvencionado para a súa completa realización.*

*3º.- Designar á xefa do servizo municipal de Igualdade Dña. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade que se*

*desprenden das bases reguladoras aprobadas mediante Resolución do 8 de xullo de 2015 que rexerán estas axudas.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(871).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EMPRESA “FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A.” EN MATERIA HIXIÉNICO-SANITARIA. EXPTE. 4236/313.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora do Laboratorio municipal, do 16.07.15, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

*Con data 29 de Maio do 2015, a Concelleira Delegada de Medio Ambiente, resolveu que se iniciase o expediente para a redacción do Convenio de Colaboración en materia hixiénico-sanitaria entre o Excmo. Concello de Vigo e a empresa “Fomento de Contruccionen y Contratas, s.a.”. O obxecto deste convenio é contribuir ao control das pragas urbanas na cidade.*

*Desde o ano 2002, data na que se asinou o primeiro convenio hixienico-sanitario entre ambas partes, teñense acadados resultados positivos de cara o control das pragas urbanas e, por ende, de cara a protección da salubridade pública, toda vez que se inclúen no programa de prevención de plagas do Concello os vehículos e instalacións que a empresa FCC, s.a., emprega para a prestación dos servizos públicos que ten en concesión administrativa: recollida e transporte de RSU, limpeza urbana e de praias e recollida selectiva.*

*O control hixienico-sanitario dos vehículos e instalacións adicados á prestación dos servizos públicos mencionados e fundamental de cara a protección do medio ambiente urbano e da salubridade pública, polo importante papel que poden chegar a acadar na expansión e transmisión dalgunhas das pragas urbanas: roedores, cascudas, lexiionella, ...*

*A protección do medio ambiente urbano e da salubridade pública atópase entre as competencias atribuídas ós municipios, dado que o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, na súa vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, establece no seu apartado 2 que: “O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas nas seguintes materias: b) medio ambiente urbano, en particular, parques e xardíns públicos, xestión de residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas; j) protección da salubridade pública.*

*O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio de colaboración voluntaria de forma que, o Concello se compromete á realización periódica das tarefas de desratización, desinsectación e desinfección dos vehículos e instalacións que a empresa ten destinados á realización dos servizos públicos para os que ten concesión administrativa. Pola súa banda, a empresa FCC, s.a., comprométese a aportar anualmente a cantidade económica indicada no convenio (dezaseis mil euros); cantidade que tal como figura no informe de data 26 de xuño de 2015 asinado pola Directora de Ingresos, “cubre os custes directos e indirectos dos servizos conveniados”.*

*Ainda que o convenio de referencia non implica ningún tipo de pagamentos por parte do Concello supoñendo, en todo caso, un ingreso para a facenda municipal polos servizos conveniados; en vista da circular 1/2015 da Secretaría de Goberno Local, foi remitido á Intervención municipal por si constituira obxecto de fiscalización.*

*A competencia para a resolución e aprobación do presente expediente correspóndelle a Xunta de Goberno Local, de conformidade con artigo 127.1.G da LRBRL.*

*En mérito o que antecede, e vistos o informe xurídico de data 12 de xuño do 2015 emitido polo Sr. Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, o informe da dirección de ingresos de data 26 de xuño do 2015 e da Intervención Xeral de data 10 de Xullo de 2015, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:*

*Primeiro.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA HIXIENICO-SANITARIA ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA "FOMENTO DE CONTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.", co texto final que consta no expediente 4236/313.*

*Segundo.- Facultar expresamente ao Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, para o asinamento deste Convenio.*

*Tercero.- Notificar o presente acordo, en forma legal, a empresa "Fomento de Contruccion y Contratas, s.a."*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA HIXIÉNICO-SANITARIA ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA «FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.».

En Vigo, o        de        do 2015.

#### REUNIDOS

Dunha parte, D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO, CIF nº P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n, na representación legal que ostenta.

Doutra parte, D. GUILLERMO DE CAL ALONSO, en calidade de apoderado e en representación da empresa "FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.", CIF nº A-28037224 e con domicilio en Vigo, Rúa Tarragona, 12 Baixo..

#### MANIFESTAN

Que o Concello de Vigo coordina e regula as actividades desenvolvidas por algunhas empresas que prestan servizos públicos neste Concello e que poidan ter repercusións sanitarias e de saúde pública para os veciños.

Que a actividade desenvolvida pola Empresa "Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.", ten gran transcendencia dende o punto de vista sanitario e de saúde pública, xa que ten en concesión administrativa o servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana de praias e recollida selectiva.

Que a Empresa "Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.", ten interese en levar un correcto mantemento hixiénico sanitario de todas as súas instalacións e de todos os vehículos que utiliza para a prestación dos servizos antes mencionados.

Por todo isto, o Concello de Vigo e a mencionada Empresa consideran necesario establecer un convenio de colaboración que será rexido polas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.

O obxecto do presente convenio é establecer os termos e condicións da colaboración entre o Concello de Vigo e a Empresa "Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.", para desenvolver todas as medidas necesarias para o mantemento hixiénico-sanitario das instalacións e vehículos incluídos no contrato do Servizo de Recollida e Transporte de Residuos Sólidos Urbanos, Limpeza Urbana, de Praias e Recollida selectiva

### Segunda.

O Concello de Vigo, través dos seus distintos Departamentos e Servizos, comprométese á realización dos seguintes cometidos:

- Desinsectación e desinfección dos camións utilizados no servizo que a Empresa ten adxudicado polo Concello, que permita garantir a prevención de enfermidades profesionais, a diseminación de cascudas e outros na nosa cidade, etc.

Nos camións utilizados para a recollida e transporte de lixo, farase cunha periodicidade bimensual e, nos demais vehículos, cuatrimestralmente.

- Desinfección dos vehículos destinados ó baldeo e rego de rúas e beirarrúas, seguindo os protocolos das Autoridade Sanitarias para a prevención da Lexionelose.

De acordo cos protocolos citados, se desinfectarán todos os vehículos destinados ao baldeo e rego cunha periodicidade cuatrimestral.

- Tratamento de Desinfección, Desinsectación e Desratización (D.D.D.) en todos os locais da Empresa cunha periodicidade bimensual, prestando especial atención e esmero ás zonas destinadas para vestiarios e aseos do persoal.

### Terceira.

As datas e horarios de realización dos distintos tratamentos fixaranse conxuntamente, en función dos protocolos e da dispoñibilidade de medios dos respectivos servizos, tanto municipais como da Empresa.

### Cuarta.

Antes do inicio dos tratamentos, o responsable do Parque e Servizo de Desinfección Municipal ou do Laboratorio Municipal entregará, por escrito, as recomendacións e normas de seguridade precisas para lograr unha maior efectividade dos mesmos e para evitar calquera tipo de risco ós traballadores que utilizan tanto os locais como os vehículos.

Deberá dispoñer por escrito dun protocolo de traballo que especifique tanto os riscos que implica o uso de cada produto, como das medidas de prevención a seguir (prazos de seguridade, EPI, condicións de aplicación, tratamento en caso de intoxicación e antídotos, etc.)

Quinta.

O responsable ou técnicos do Servicio de Desinfección Municipal ou Laboratorio Municipal, entregará os certificados correspondentes aos traballos realizados ó remate dos mesmos e, de non ser posible nese momento, nun prazo inferior a quince días naturais dende a data de remate.

Sexta.

“Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.” aportará anualmente a cantidade de 16.000 euros (dezaseis mil euros), IVE incluído, destinados ó Laboratorio Municipal, do que depende o Parque de Desinfección, para cubrir os custos dos produtos utilizados e de mantemento dos equipos, que destinaranse ás partidas orzamentarias do Laboratorio Municipal. O ingreso realizarase na conta do Concello antes do trinta de xuño de cada ano.

Sétima.

O Concello e a Empresa non asumen ningún outro compromiso máis que os recollidos expresamente neste convenio.

Oitava.

A realización deses traballos por parte dos Servizos Municipais non exime á Empresa “Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.” das súas responsabilidades perante as Autoridades Sanitarias competentes.

Novena.

Para a aplicación e desenvolvemento do acordado así como para resolver as dúbidas e controversias que puidesen suscitarse ó longo da súa vixencia, constitúese unha Comisión Mixta, que estará integrada por un representante do Concello de Vigo e outro da Empresa e que se reunirá cantas veces o solicite, xustificadamente, calquera das partes.

De persistir as discrepancias entre as partes, éstas serán resoltas pola Alcaldía; resolución que poñerá fin á vía administrativa e que poderá ser obxecto dos recursos administrativos e xurisdiccionais que en Dereito procedan.

Décima.

Este convenio de colaboración ten, para todos os efectos, carácter xurídico-administrativo, rexéndose polas súas propias estipulacións e, no seu defecto, polas normas do Dereito administrativo.

Sen prexuízo da obrigada intervención previa da Comisión Mixta e das facultades recoñecidas á Alcaldía, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa.

Undécima.

Serán causas de resolución deste convenio, o incumprimento grave de calquera das súas estipulacións, o cumprimento íntegro do seu obxecto e o mútuo acordo das partes.

Duodécima.

O presente convenio, unha vex asinado, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

E en proba de conformidade, os comparecentes asinan por duplicado o presente Convenio no lugar e data expresados no encabezamento.

**18(872).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDAS DE FUNCIÓNS DO 1º TRIMESTRE 2015. EXPTE. 26621/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.06.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 5.06.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares:*

*l) No primeiro trimestre de 2015, atopábanse vixentes as seguintes:*

- Encomenda de Funcións ao funcionario D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con nº persoal 23.627*

*En resolución de data 12 de maio de 2008 do Concelleiro de Xestión Municipal encomendáse temporalmente a D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con posto de Administrativo de Admon XEral, as funcións de dirección administrativa do Verbum, ata cobertura definitiva do posto.*

*As funcións de dirección administrativa do Verbum, debe entenderse no senso de realización das tarefas de dirección do Verbum, tendo en conta que dende a data da encomenda de funcións o posto de Director do Verbum atópase vacante, según escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerándose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras.*

*Na Resolución de data 12/05/2008, deu conta a Xunta de Goberno Local, na sesión de data 19/5/2008, recoñécese o dereito do funcionario a percepción dun complemento de produtividade que se determine conforme as vixentes Instrucións de Plantilla, previa proposta do Servizo*

- Encomenda de funcións D Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389*

*En data 1 de setembro de 2011, por Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, resólvese encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao funcionario D. Óscar Couce Senra, con nº de persoal 79.389, co posto de Xefe da Oficina Administrativa de Actividades e Instalacións as seguintes funcións:*

- Coordinación, control administrativo e seguimento das actividades dos servizos do OA "Xerencia Municipal de Urbanismo", sen prexuízo da superior xefatura que lle corresponde estatutariamente á persoa designada como Xerente en relación coa dirección, impulso e inspección de todos os servizos, dependencias e unidades da Xerencia e do persoal que presta nela os seus servizos.*



- *As propias da Xefatura da Oficina da Concellería da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, baixo a dependencia directa da mesma.*
- *As funcións de colaboración que sexan necesarias para garantir a mellor calidade no servizo ao cidadán, no ámbito competencial propio da Concellería de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos,*

*con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a supervisión directa da Concelleira Delegada de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos.*

*A encomenda realizada ten carácter provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestructuración de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.*

*Así mesmo, no seu punto segundo recollese o dereito do funcionario a percepción dun complemento de produtividade que se determine conforme as vixentes Instrucións de Plantilla, previa proposta do Servizo no que se acredite e avalie favorablemente a efectividade e satisfactoriedade das funcións desenvolvidas.*

- *Encomenda de funcións D Jesús López Moure, N° de persoal 77210.*

*Con data 19 de xullo de 2011, o concelleiro-delegado de xestión municipal resolveu encomendar, “as funcións de coordinación, planificación e supervisión administrativa e orzamentaria e de programación dos servizos da Área de Cultura e Festas, e asistencia á concelleira-delegada da citada área”, ao funcionario D Jesus Lopez Moure, con nº de persoal 77210. Así mesmo, neste decreto estipulábase que “as funcións desenvolveranse baixo a dependencia directa da concelleira-delegada da Área, quen deberá acreditar e avaliar a efectividade e satisfactoriedade das funcións desenvolvidas, aos efectos de proceder eventualmente á tramitación do expediente administrativo de produtividade polo desempeño das funcións obxecto de encomenda”*

*Dita encomenda terá validez ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestructuración de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.*

- *Encomenda provisional de funcións a D. Albino Rodríguez Ferreira, con nº persoal 77.274*

*En resolución da Alcaldía de 26 de outubro de 2010 otorgábaselle a D. Albino Rodríguez Ferreira o cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo, ao estar vacante o posto e ata o nomeamento de Presidente Titular polo Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 137 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Así mesmo, no punto Terceiro da devandita Resolución recollese que, en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño do cargo, o funcionario percibirá durante o período no que desempeñe as funcións de Presidente do T.E.A. , en concepto de produtividade e excluído do previsto nas Instrucións de plantilla, a diferenza que poida existir entre o complemento de destino e específico do posto do que é titular e o cargo para o que se lle nomea provisionalmente.*

*Así mesmo, o nomeamento, de carácter temporal, terá efectos unicamente durante o tempo necesario para a cobertura do posto segundo a modificación prevista no regulamento orgánico, circunstancia aínda sen resolver.*

- *Produtividade D. Avelino San Luis Costas, con nº persoal 9.900.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de abril de 2007, acordou establecer para o funcionario D. Avelino San Luis Costas, xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Al-*

*caldía a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de 10.400€, a devengar trimestralmente, previo informe do Gabinete de Alcaldía, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente.*

*Dito complemento devengarase trimestralmente , previo informe acreditativo da especial adicación do funcionario no período correspondente.*

- *Encomenda de funcións a D Francisco J Gutierrez Orue, con nº de persoal 13920*

*Por Resolucion de data 12/002/2015, encomendouse provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Participacion e Atencion Ciudadá, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma. Dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a sinatura da Resolucion e dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos, do posto de xefe do Servizo de Participacion e Atencion Ciudadá, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2015, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.*

*•Pola Intervencion xeral expidese documento contable nº 11359 por importe de 7680.20 € con cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000 "Productividade" do vixente orzamento prorrogado do ano 2015.*

- *Encomenda de funcións a D<sup>a</sup> Rosa M Otero Malvarez, con nº de persoal 80568*

*Por Resolucion de data 12/02/2015, encomendase provisional e transitoriamente a funcionaria Dona Rosa M Otero Malvarez, co nº de persoal 80568 e, posto de Administrativa, a realización das funcións propias do posto de vacante no servizo de Atencion e Participacion Ciudadá de Técnico de Xestión (coigo 321.02), con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma.*

*Dispoñese que a encomenda, que ten carácter provisional, supoñen a cesación automática da mesma no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos dos posto vacante de técnico de xestion no Servizo de Participacion e Atencion Ciudadá e en todo caso ata o 31 de decembro de 2015, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.*

- *Encomenda de funcións a D<sup>a</sup> Sara Castro Cerqueira con nº de persoal 80481*

*Por Resolucion de data 12/02/2015, encomendase provisional e transitoriamente a funcionaria Dona Sara Castro Cerqueira, co nº de persoal 80481 e posto de Auxiliar de Admón XEral, a realización das funcións propias do posto de Administrativo (código 320.02), vacante no Servizo de Atencion e Participacion Ciudadá por baixa por maternidade da sua titular con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma.*

*Dispoñese que a encomenda anterior, de carácter provisional, causará cesación automática no momento no cal se produza a incorporacion da sua baixa por maternidade da titular do posto Cod RPT 320.02, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2015, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo, .*

*Pola Intervencion xeral expidese documento contable nº 10831 por importe de 9.317,67 € con*

cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000 "Productividade" do orzamento prorrogado vixente, ao obxecto de dar cobertra orzamentaria as ultimas duas encomendas .

Incluense no presente expediente copia das distintas Resolucions anteriormente mencionadas.

II) Ata a data recibíronse no Servizo de Recursos Humanos as seguintes peticións de aboamento de complemento de produtividade :

- 2406-340.- Aboamento complemento de produtividade por encomenda de funcións 1º trimestre 2015.-D Rosendo Covelo Roma
- 449-330 Solicitud de complemento de produtividade para o Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural por encomenda de funcións correspondente ao 1º trimestre 2015.
- 33828/550 - Informe produtividade TEACV 1º trimestre 2015
- 1779-77 Solicitud abono produtividade por encomenda de funcións a D Francisco J Gutierrez Orue 1º trimestre 2015
- 1576-107 Solicitud de aboamento de complemento de produtividade polo desempeño das funcións encomendadas Oscar Couce Senra, no 1º trimestre 2015
- Informe asinado pola Alcaldía Presidencia en data 20/04/2015, de solicitud de complemento de produtividade a D Avelino San Luis Costas, correspondente ao 1 trimestre do ano 2015
- 7001-320 Solicitud de aboamento de complemento de produtividade a D<sup>a</sup> Rosa Maria Otero Malvárez polo desempeño das funcións encomendadas e realizadas no 1º trimestre 2015.
- 7002-320 Solicitud de aboamento de complemento de produtividade a D<sup>a</sup> Sara Castro Cerqueira polo desempeño das funcións encomendadas e realizadas no 1º trimestre 2015

Compartense os criterios da Intervención Xeral en canto a necesidade de informe de fiscalización da Intervención Xeral e a retención de crédito pertinente, previa a Resolucions de encomendas de funcións, así como a autorización previa ao exercicio das funcións encomendadas, xa contemplado nas vixentes instrucións de plantilla, e de tal xeito se ven procedendo nas Resolucions asinadas neste exercicio orzamentario e anteriores.

A funcionaria que suscribe entende que deberíase proceder a revisión dos acordos previos ao ano 2012, fixando un marco temporal para cada un deles, tal e como se recolle nas instrucións de plantilla que sexa coincidente coa propia temporalidade do orzamento.

Así mesmo e como xa se mencionou con anterioridade, considérase a urxencia de implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, a reestructuración de áreas e servizos, dentro da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, que den lugar a eliminación ou como menos a minimización da realización de encomendas de funcións, e que , no caso de ser inevitables, se enfatice o seu carácter estritamente provisional.

As solicitudes de realización de encomendas de funcións deberán estar debidamente motivada e xustificada a súa urxencia e necesidade (IT longa duración, imposibilidade de redistribución de tarefas entre os efectivos do servizo, asignación de funcións no atribuíbles a outros postos, xustificación da imposibilidade de realización das funcións e tarefas encomendadas polos efectivos existentes, etc) e sempre que resulten axeitadas a clasificación, grao ou categoría profesional.

*No caso de asignación de funcións de postos de categoría superior, poderíase contemplar a posibilidade de adscripción provisional por un período máximo definido, condicionado a realización satisfactoria das funcións do posto.*

*Por outra banda, nos acordos de encomendas de funcións non se contempla a delegación no Concelleiro da Área de Xestión Municipal a a tramitación dos expedientes en execución das encomendas en canto a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas. Nestes intres, por parte do Servizo de Recursos Humanos estase a realizar a actualización e revisión das instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, tendo prevista a inclusión da devandita delegación nas mesmas.*

*III) As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase: o especial rendemento, dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.*

*O apartado terceiro da antedita Resolución específica que en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño dos cargos, os funcionarios nomeados percibirán, durante o período que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade, excluída do previsto nas instrucións de plantilla, a diferenza retributiva que podía existir entre os complementos de destino e específico dos postos que son titulares e os cargos para os que se lles nomea provisionalmente e accidentalmente.*

*Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable*

*En relación co incremento da xornada laboral susceptible de xustificar adicionalmente a efectiva realización dos traballos, debe sinalarse que os datos relativos a tal aspecto están á disposición da Intervención Xeral Municipal no Servizo de Recursos Humanos para calquera comprobación ou solicitude de aclaración adicional que se precise, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea*

*Así mesmo, considerase imprescindible a redefinición de parámetros de asignación de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcións, incluídos nas vixentes instrucións de plantilla.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudir ao preceptuado na Lei 36/2014 de 26 de*

diciembre, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Deste xeito, nos expedientes e documentos anteriormente citados inclúese informe de petición de aboamento de complemento de produtividade polo desempeño das funcións correspondentes as funcións encomendadas, conformados polos respectivos concelleiros das Areas.

Dado que a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, segundo os datos obrantes neste servizo en canto a incapacidades temporais, vacacións, etc, as cantidades a percibir nos períodos sinalados serían as seguintes:

N.P.	Nome	Periodo	A.P.	VAC	IT	Importe
23627	Covelo Roma, Gonzálo	01/01-31/03/2015	5	0	0	1.977,95 €
79389	Couce Senra, Óscar	01/01-31/03/2015	0	18	0	1.486,80 €
77210	López Moure, Jesús	01/01-31/03/2015	3	0	0	1.796,55 €
77274	Rodríguez Ferreira, Albino	01/01-31/03/2015	1	22	0	2.463,59 €
9900	San Luis Costas, Avelino	01/01-31/03/2015	0	0	0	2.600,10 €

N.P.	Nome	Periodo	A.P.	VAC	IT	Importe
13920	Gutierrez Orue, Francisco J.	12/02-31/03/2015	1	3	0	1.023,88 €
80568	Otero Malvarez, Rosa Maria	12/02-31/03/2015	0	0	0	991,20 €
80481	Castro Cerqueira, Sara	12/02-31/03/2015	3	0	0	625,95 €

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas nos periodos sinalados:

N.P.	Nome	Periodo	Importe
23627	Covelo Roma, Gonzálo	01/01-31/03/2015	1.977,95 €
79389	Couce Senra, Óscar	01/01-31/03/2015	1.486,80 €
77210	López Moure, Jesús	01/01-31/03/2015	1.796,55 €
77274	Rodríguez Ferreira, Albino	01/01-31/03/2015	2.463,59 €
9900	San Luís Costas, Avelino	01/01-31/03/2015	2.600,10 €
13920	Gutierrez Orue, Francisco J.	12/02-31/03/2015	1.023,88 €
80568	Otero Malvarez, Rosa Maria	12/02-31/03/2015	991,20 €
80481	Castro Cerqueira, Sara	12/02-31/03/2015	625,95 €

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 12.966,02 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 “Productividade”.

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(873).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE VARIOS SERVICIOS MUNICIPAIS DE XULLO 2014 A MAIO 2015. EXPTE. 26806/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 6.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos

Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

*No Servizo de Recursos Humanos teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos aos desprazamentos por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.*

*Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Desenvolvemento e Emprego, Conserxería, Mobilidade e Seguridade, Servizos Económicos (Inspección), Cemiterios, Museo Castrelos, Xardíns, Benestar Social, Educación e Prevención de Riscos Laborais.*

*En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.*

*A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.*

*Os gastos correspondentes a D. Agustín Rodríguez Carballo, para o que segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de novembro de 2000, establécese un importe mensual de 120,02 €, procédese por este servizo de Recursos Humanos a deducir do citado importe, os días nos que o empregado disfrutou de vacacións, asuntos propios, permisos, etc, tal e como se recolle no Acordo citado e no informe do Asesor Xurídico da Área de Fomento de data 01/04/2014.*

*Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).*

*Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas Xefaturas de Servizo e conformadas polos Concelleiros/as Delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un total de 8.355,00 €.*

*A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza por D. Agustín Rodríguez Carballo e que remata en Dña. Aránzazu González Soengas-:*

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
73395-250	VÍAS E OBRAS	Rodríguez Carballo, Agustín	35.981.050-B	77170	4º trim.14-1º trim.15	661,94 €

74335-250 74231-250		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Maio	296,78 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Maio	257,83 €
		Matilde Viñas, José Eugenio	36.000.551-P	11831	Maio	299,82 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Maio	221,92 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Maio	165,68 €
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	Maio	298,11 €
150067881 150067886 150067891 150077134 150073510 150073537 150073552 150073562	OSPIO	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Abril-maio	537,70 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Abril-maio	412,49 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Abril-maio	524,21 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Abril-maio	585,39 €
7123-320 7126-320	DESENVOLVE M	Gutiérrez Orúe, Francisco	13.894.232-R	13920	Abril-maio	57,04 €
368-201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Maio	285,57 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Maio	269,04 €
93436-210 93437-210 93438-210	MOBILIDADE E SEGURIDADE	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Maio	181,64 €
		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Maio	197,60 €
		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Maio	193,61 €
31517-502 31518-502 31519-502 31520-502 31521-502 31522-502	SERVIZOS ECONÓMICOS	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Marzo	231,23 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Marzo	216,60 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Marzo	231,99 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	9361	Marzo	269,99 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Marzo	271,32 €
10560-255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Maio	103,17 €
150002257 150014380 150029823 150038796 150052326	MUSEOS	José Ballesta de Diego	36.065.836-L	76439	Xaneiro-maio	41,80 €
		Egea Torrón, Pilar	50.806.376-C	18543	Xaneiro-maio	31,54 €
		Rodríguez Fernández, Javier	34.967.837-V	80072	Xaneiro-maio	44,84 €
		Faro Chamadoira, Ángeles	36.033.947-P	15071	Xaneiro-maio	44,46 €
7702-446 7728-446 7950-446	XARDÍNS	Argibay Barciela, Gonzalo		11765	Xullo/Ago14- Xan/Feb15	699,01 €
110196-301	BENESTAR SO- CIAL	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Abril	17,29 €
150071635 150081304	EDUCACIÓN	José Felipe Codesido Rodríguez	36.081.823-K	19399	Febreiro-maio	457,71 €
		Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Marzo-abril	205,01 €
26691-220	PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS	González Soengas, Aránzazu	52.481.598-Z	79388	Febreiro-maio	41,99 €
<b>TOTAL</b>						<b>8.355,00 €</b>

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 24 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.

II.- Artigos 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.



III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguíntes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**A C O R D O :**

"Aprobar o gasto por un importe de 8.355,00 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Agustín Rodríguez Carballo e que remata en Dna. Aránzazu González Soengas-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
73395-250 74335-250 74231-250	VÍAS E OBRAS	Rodríguez Carballo, Agustín	35.981.050-B	77170	4º trim.14-1º trim.15	661,94 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Maio	296,78 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Maio	257,83 €
		Matilde Viñas, José Eugenio	36.000.551-P	11831	Maio	299,82 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Maio	221,92 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Maio	165,68 €
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	Maio	298,11 €
150067881 150067886 150067891 150077134 150073510 150073537 150073552 150073562	OSPIO	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Abril-maio	537,70 €
Lobato Cameselle, Ricardo		35.999.817-X	17489	Abril-maio	412,49 €	
Romero Gil-Delgado, Loreto		36.064.307-P	78929	Abril-maio	524,21 €	
Vázquez Rial, Ramón		36.022.874-K	13273	Abril-maio	585,39 €	
7123-320 7126-320	DESENVOLVE M	Gutiérrez Orúe, Francisco	13.894.232-R	13920	Abril-maio	57,04 €
368-201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Maio	285,57 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Maio	269,04 €
93436-210 93437-210 93438-210	MOBILIDADE E SEGURIDADE	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Maio	181,64 €
		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Maio	197,60 €

		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Maio	193,61 €
31517-502 31518-502 31519-502 31520-502 31521-502 31522-502	SERVICIOS ECONÓMICOS	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Marzo	231,23 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Marzo	216,60 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Marzo	231,99 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	9361	Marzo	269,99 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Marzo	271,32 €
		10560-255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430
150002257 150014380 150029823 150038796 150052326	MUSEOS	José Ballesta de Diego	36.065.836-L	76439	Xaneiro-maio	41,80 €
Egea Torrón, Pilar		50.806.376-C	18543	Xaneiro-maio	31,54 €	
Rodríguez Fernández, Javier		34.967.837-V	80072	Xaneiro-maio	44,84 €	
Faro Chamadoira, Ángeles		36.033.947-P	15071	Xaneiro-maio	44,46 €	
7702-446 7728-446 7950-446	XARDÍNS	Argibay Barciela, Gonzalo		11765	Xullo/Ago14-Xan/Feb15	699,01 €
110196-301	BENESTAR SOCIAL	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Abril	17,29 €
150071635 150081304	EDUCACIÓN	José Felipe Codesido Rodríguez	36.081.823-K	19399	Febreiro-maio	457,71 €
Alonso Asenjo, Beatriz		35.991.455-C	15651	Marzo-abril	205,01 €	
26691-220	PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS	González Soengas, Aránzazu	52.481.598-Z	79388	Febreiro-maio	41,99 €
TOTAL						8.355,00 €

Das seguintes partidas funcionais:

	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	4.261,87 €
9240	Participación Cidadá-Desenvolvemento Local	57,72 €
9200	Conserxería	554,61 €
1330	Mobilidade e Seguridade	572,85 €
9320	Servizos Económicos	1.221,13 €
1640	Cemiterios	103,17 €
3330	Museos	162,64 €
1710	Montes, Parques e Xardíns	699,01 €
2310	Benestar Social	17,29 €
3230	Educación	662,72 €
9201	Prevención Riscos	41,99 €
	TOTAL	8.355,00 €

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(874).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA**

**NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O REXISTRO XERAL. EXPTE. 26853/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.07.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, do 20.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Con data 16 de xuño de 2015, o Xefe do Rexistro Xeral, coa conformidade da xefa da Area de Réxime Interior solicita a adscrición de persoal auxiliar que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente e que garanta o normal desenvolvemento do servizo.*

*O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal e Persoal, a través de instrucción de servizo de data 15 de xullo actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Rexistro Xeral, nos termos da solicitude do seu xefe de Servizo e que conta coa conformidade da Xefa da Area de Réxime Interior de data 16 de xuño de 2015, das listas de substitución existentes da derradeira convocatoria de persoal auxiliar correspondente a oferta de emprego público executada ou, de non existir candidatos/as suficientes, da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local en data 13/03/2015.*

*En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliar de administración xeral do aspirante D. JOSÉ LUIS IZQUIERDO MARTÍN, DNI 32.633.254-A, que aceptou expresamente o mesmo, significando así mesmo que o interesado acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.*

*Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto D. José Luis Izquierdo Martín, DNI 32.633.254-A, leva máis de seis meses dende que rematou o seu derradeiro nomeamento interino como auxiliar de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 24579/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 11/04/14, rematando o mesmo en data 04/11/2014, polo que está en condicións de ser novamente nomeado desde o 05 de maio pasado.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguemento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recurrir a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".*

*A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.*

*Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.*

*A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:*

*En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:*

*1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

*b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

*e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

*f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Ferías, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios paraa construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadans no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

- En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*
- Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- *Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- *Intervención Xeral Municipal.*
- *Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- *Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- *Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- *Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- *Recursos Humanos.*
- *Administración Electrónica.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

4.- *O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

*En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) *A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
  - b) *A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
- 20. A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

*Trátase polo tanto dun servizo interno ou central, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, o que se fai constar, segundo Instrucción 1/2014 da Intervención Xeral sobre a aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma.*

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición do Xefe do Rexistro Xeral conformado pola Xefa da Area de Réxime Interior de data 16/06/2015 anexo ao expediente.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 10.747,62€, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Rexistro Xeral, contidas no escrito de data 16 de xuño de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.747,62€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -outras modalidades contratación temporal, do vixente orzamento prorrogado para o presente ano, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D. JOSÉ LUIS IZQUIERDO MARTÍN, DNI 32.633.254-A, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrito ao Servizo do Rexistro Xeral (cód. 232).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral do funcionario nomeado desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario".

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### **Acordo**



A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **22(875).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:**

A) DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERESE PARTICULAR AO FUNCIONARIO D. FERNANDO VILLAAGULLA. EXPTE. 26825/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 13.07.15, que di o seguinte:

### *ANTECEDENTES*

*Con data 07/07/2015, D. Fernando Villa Agulla, con DNI 36130226-D e nº de persoal 79379, funcionario de carreira, con praza e posto de traballo de policía, adscrito ao Servizo da Policía Local, solicita excedencia voluntaria por interese particular con efectos a partir do día 15/07/2015.*

*Consta informe favorable da Xefatura do Corpo da Policía Local emitido en data 10/06/2015.*

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

#### *I.- RÉXIME DA EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERESE PARTICULAR:*

*- Artigo 173 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público:*

*“1. O persoal funcionario de carreira pode obter a excedencia por interese particular cando teña prestados servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período de tres anos inmediatamente anteriores á solicitude. Para reingresar no servizo activo será preciso ter permanecido nesta situación polo menos un ano.*

*2. A concesión da excedencia por interese particular queda subordinada ás necesidades do servizo debidamente motivadas. Non pode declararse cando ao persoal funcionario se lle instrúa expediente disciplinario.*

*(....)*

*4. As persoas que se atopen en situación de excedencia por interese particular non reivindicarán retribucións, nin será computable o tempo que permanezan nela para os efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime de Seguridade Social que sexa aplicable.”*

*-Artigo 178 da mesma norma: regula o reingreso ao servizo activo unha vez finalizada a causa que determinou a declaración nunha situación de excedencia voluntaria ou o prazo máximo de duración, debendo solicitalo no prazo de 1 mes, e unha vez acordado e notificado disporá igualmente de 1 mes para tomar posesión do correspondente posto de traballo.*

#### *II.- CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGAIS:*

*Revisado o expediente persoal do interesado, éste reúne os requisitos legalmente esixidos para a declaración da situación administrativa solicitada, concretados en:*

a) 3 anos de servizos prestados de xeito efectivo inmediatamente antes da data de solicitude (funcionario de carreira, con data de ingreso: 09/01/2004)

b) informe favorable da xefatura da área/servizo/unidade de adscripción, de data 10/06/2015.

### III.- RÉXIME COMPETENCIAL:

A competencia para a declaración de situacións administrativas está residenciada na Concellería-Delegada da Área de Xestión Municipal e Persoal consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015.

En consecuencia, emítase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

*Primeiro.- Declarar na situación administrativa de excedencia voluntaria por interese particular ao funcionario de carreira D. Fernando Villa Agulla, con DNI 36130226-D e nº de persoal 79379, con praza e posto de traballo de policía local, adscrito ao Servizo da Policía Local, a petición do mesmo (documento nº 150089718) tendo a presente resolución efectos económicos e administrativos do día 15 de xullo de 2015.*

*Segundo.- Indicar que o tempo de permanencia na situación administrativa que se autoriza non devengará dereitos retributivos algúns, nin computará a efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable, debendo permanecer nesta situación por un período mínimo de 1 ano, non comportando a reserva de posto de traballo, e establecéndose un límite máximo de 15 anos de permanencia na situación administrativa que pola presente se declara.*

*Terceiro.- Dispoñer que nos termos do marco legal vixente, o solicitante estará obrigado a solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo dun mes, e unha vez acordado estará igualmente obrigado a tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes. A falta de petición do reingreso ao servizo activo unha vez finalizada a causa que determine esta declaración ou o prazo máximo de duración, xunto co incumprimento das obrigas indicadas, determinará a declaración na situación de excedencia voluntaria por interese particular.*

*Cuarto.- Notificar a presente resolución ao interesado/a, Xefatura do Corpo da Policía Local, Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Negociado de Seguridade Social-Inspector Auxiliar), Intervención Xeral e Tesourería Municipal, debendo darse conta á Xunta de Goberno Local.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

O Concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e persoal, con data 14.07.15, resolve de conformidade coa precedente proposta.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

## B) SOLICITUDE REINGRESO TRAS SERVICIOS ESPECIAIS FORMULADA POR DNA. CARMEN SASTRE VÁZQUEZ. EXPTE. 26867/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.07.15, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 16/07/2015 (documento administrativo nº 150094495) D<sup>a</sup> CARMEN SASTRE VÁZQUEZ, con nº de persoal 15.941, solicita o reingreso ao servizo activo no Concello de Vigo procedente da situación de servizos especiais, aportando copia da resolución presidencial de data 13/07/2015 na cal se lle cesa como persoal eventual na Deputación Provincial de Pontevedra con efectos de 16/07/2015.

2.-Consultado o seu expediente persoal, consta que a interesada foi declarada na situación administrativa de servizos especiais por acordo da XGL de data 19/01/2010 (expediente administrativo nº 19.595/220) tendo efectos de 01/01/2010, e establecéndose expresamente que “o dereito á reserva de posto de traballo e a súa materialización no suposto do reingreso deberá respectar en todo caso as consecuencias derivadas da execución da Sentenza firme núm. 241/2008, do 2 de setembro, ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza núm. 838/2009 (recurso de apelación 628/2006)”

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

#### I.- RÉXIME XURÍDICO DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVICIOS ESPECIAIS:

- Artigo 167, apartado l) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público:

“El personal funcionario de carrera será declarado en situación de servicios especiales:

l) Cuando sea designado como personal eventual para realizar funciones expresamente calificadas como de confianza o asesoramiento especial y no opte por permanecer en la situación de servicio activo.”

-Artigo 169 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: Reingreso ao servizo activo:

“1. Las personas que cesen en la situación de servicios especiales tienen derecho a reingresar al servicio activo en el mismo puesto de trabajo que hayan ocupado con anterioridad con carácter definitivo, si este se hubiera obtenido mediante concurso.

2. Cuando el puesto de trabajo se hubiera obtenido por el procedimiento de libre designación, el derecho al reingreso se hará efectivo en un puesto de trabajo adecuado a su cuerpo o escala en la misma localidad y en las mismas condiciones y con las retribuciones correspondientes a la progresión alcanzada en la carrera profesional, respetándose en todo caso el grado de progresión que se alcanzó en aquella.

3. Las personas nombradas para los puestos o cargos enunciados en las letras c) y d) del artículo 167 que reingresen al servicio activo percibirán, en todo caso, un complemento de puesto de trabajo no inferior en más de un nivel, o tramo equivalente, al que correspondiera al puesto que ocupaban cuando pasaron a la situación de servicios especiales.

En el caso de que no estuvieran ocupando un puesto de trabajo cuando fueron declarados en la situación de servicios especiales, se tendrá en cuenta el último puesto que desempeñaron con carácter definitivo en la Administración en la que reingresen.

4. El reingreso al servicio activo habrá de solicitarse en el plazo de un mes, a contar desde el día siguiente al del cese en la situación de servicios especiales. El incumplimiento de esta obligación determinará la declaración en la situación de excedencia por interés particular.

La Administración estará obligada a asignar un puesto de trabajo en el plazo de un mes desde la presentación de la solicitud de reingreso al servicio activo.”

#### II.- CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGAIS:

Consta o acto administrativo de cese na condición de persoal eventual, presuposto necesario para a materialización do reingreso solicitado conforme a Dereito.

Dada a condición imposta no apartado Segundo do Acordo da XGL de data 19/01/2015, relativa a que “o dereito á reserva de posto de traballo e a súa materialización no suposto do reingreso deberá respectar en todo caso as consecuencias derivadas da execución da Sentenza firme núm. 241/2008, do 2 de setembro, ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza núm. 838/2009 (recurso de apelación 628/2006)” ; e debido a que dita sentenza procedeu á anulación do procedemento de promoción interna no seu día convocado, a materialización efectiva do reingreso deberá efectuarse nunha praza de auxiliar de Admón. Xeral no Servizo de Educación, asociada a posto de traballo vacante de idéntica denominación, con código retributivo 138, sendo posible a reasignación do efectivo ou a readscripción do posto de traballo asociado a calquera servizo municipal que demande reforzo de efectivos.

#### III.- RÉXIME COMPETENCIAL:

A competencia para a declaración de situacións administrativas e autorización de reingreso está residenciada na Concellería-Delegada da Área de Xestión Municipal e Persoal consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015.

En consecuencia, emétese a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar o reingreso ao servizo activo no Concello de Vigo procedente da situación de servizos especiais de D<sup>a</sup> CARMEN SASTRE VÁZQUEZ, con nº de persoal 15.941, a petición da interesada formulada en escrito de data 16/07/2015 (documento administrativo nº 150094495); reingreso que se materializa nunha praza de auxiliar de Admón Xeral, asociada a posto de traballo de igual denominación, código retributivo 138, da vixente Relación de Postos de Traballo, no Servizo de Educación, nos termos do resultado da execución da sentenza firme núm. 241/2008, do 2 de setembro, ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza núm. 838/2009 (recurso de apelación 628/2006); estando acreditado o cese como persoal eventual por resolución de data 13/07/2015, da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, e tendo o reingreso que se autoriza efectos económicos e administrativos de data 17/07/2015.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao interesado/a, Concellería-delegada de Educación, Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social e inspección de persoal) e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O Concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e persoal, con data 17.07.15, resolve de conformidade coa precedente proposta.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) AUTORIZACIÓN HORAS PARA O SERVIZO DE INSPECCIÓN DE OBRAS PARA OS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO SETEMBRO 2015. EXPTE. 26823/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 13.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

1.- En data 07/07/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o persoal da Inspección de Obras, asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Nome
Inspector Obras	Vías e Obras	11682	Villar Estévez, Raimundo
Inspector Obras	Vías e Obras	11819	Gómez Pascual, Julio
Inspector Obras	Vías e Obras	11831	Matilde Viñas, Eugenio
Inspector Obras	Vías e Obras	10694	Salgueiro Piñeiro, Benigno
Inspector Obras	Vías e Obras	17740	Oujo Gerut, Ventura

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 240 horas, a realizar durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2015, para realizar os traballos de control de reparación de beirarrúas, aglomerados dos viais, colectores de saneamento e abastecemento, construción de canalizacións e acometidas de gas natural, telecomunicacións e eléctricas; rede de abastecemento e saneamento de augas; tramitación de licenzas de expedientes de canalizacións e acometidas, reclamacións de danos ou devolucións de avais; humanizacións, etc.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 07/07/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito a Inspección de Obras, que seguidamente se indica:

Nº Persoal	Apelidos e Nome
11682	Villar Estévez, Raimundo
11819	Gómez Pascual, Julio
11831	Matilde Viñas, Eugenio
10694	Salgueiro Piñeiro, Benigno
17740	Oujo Gerut, Ventura

A presente autorización outórgase nun máximo total de 240 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe da Oficina de Vías e Obras en data 06/07/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e tendo en conta os acordos da Xunta de

*Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.*

*Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."*

O Concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e persoal, con data 14.07.15, resolve de conformidade coa precedente proposta.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **23(876).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e cincuenta e dous minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez